

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 03.04.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 18.10 h. do 03.04.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión ordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Iván Puentes Rivera, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventor en réxime de acumulación:

Manuel Larrosa Martínez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 06.02.2014 e 06.03.2014

Non habendo obxeccións, as actas quedan aprobadas.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 110/2014 á 201/2014

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta da remisión do informe de avaliación do cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei 2/2012: estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de débeda viva do orzamento de 2012, prorrogado ao 2014

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta da Resolución da alcaldía 173/2014 de aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2013

Os concelleiros danse por informados.

5. Aprobación, se procede, da proposta de modificación das ordenanzas fiscais núm. 12 e núm. 24

Consta no expediente o informe de Intervención do 18.03.2014, que copiado di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

De acordo co ordenado polo Concelleiro-Delegado da Área de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego con data 3 de febreiro do 2014, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte



INFORME

Asunto: Adaptación das ordenanzas fiscais nº 12 reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbano e nº 24 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras ás determinacións da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

ANTECEDENTES

Co gallo de culminar as trabas administrativas previas por parte das entidades locais ao exercicio de actividades, proceso iniciado coa Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas Leis de Galicia e o seu desenvolvemento regulamentario no proceso de adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello de Europa, do 12 de decembro de 2006, sendo complementado coa introducción da comunicación previa ao comezo de actividades comerciais, introducida pola Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e, por outra banda, a decidida intervención do Estado con normas como a Lei 25/2009, de 22 de decembro; a Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sustentable, que introduce novos artigos 84 bis e ter na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e suprimese a licenza de actividade, e a Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos e, dado que dita labor non pode completarse sen que a Comunidade Autónoma establecera un réxime xurídico único e estable nas actividades que regula pero que non autoriza, ao ser competencia exclusivamente municipal e estar sometida a licenza de actividade. Son as actividades inocuas, as clasificadas e as actividades recreativas e os espectáculos públicos, sobre as cales a Comunidade Autónoma carece dunha regulación de control administrativo sobre as mesmas, onde a regulación é estatal e aplícase supletoriamente –caso das actividades inocuas co Regulamento de servizos das corporacións locais de 1955–, ou ha de ser actualizada para adaptala ao novo marco normativo –caso do Decreto 133/2008–, ou se atopa fragmentada –caso dos espectáculos públicos, regulados por un regulamento estatal de 1982 e por un catálogo aprobado por decreto da Xunta de Galicia. Así as cousas, ditáse a Lei 9/2013, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, na que entre outros aspectos modifica a regulación das licenzas de obra, de modo que se establece un réxime xeral que é o de comunicación previa xunto cunha reserva para a licenza naqueles casos en que unha norma estatal así o esixe, singularmente a Lei 38/1999, de 5 de novembro (LOE), de ordenación da edificación, e o máis recente artigo 23 do Real decreto Lei 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa. Como dí a exposición de motivos da Lei 9/2013 :

“En aras de que a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial poida realizarse no menor tempo posible axilizando os procedementos de control, pero á vez dar seguridade xurídica ao interesado, a terceiros e á propia administración, créanse nesta lei as entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom), que se configuran como as que avaliarán a conformidade das mesmas respecto da normativa de aplicación en cada caso no ámbito municipal.

A intervención das entidades de certificación de conformidade municipal será facultativa, e non substituirán nalgún caso as potestades de comprobación, inspección ou calquera outra da Administración, pero serán as responsables fronte a ela do extremos obxecto de certificación.”

Na súa virtude, para dar cumprimento ao mandato legal ao contido da Disposición Final terceira que modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, en especial o artigo 194 “Licenzas urbanísticas e comunicacións previas” ao someter ao réxime de comunicación previa, aqueles actos do uso do solo e subsolo nos que así se estableceran nas leis e os os actos non suxeitos a previa licenza municipal, que por exclusión son os non descritos no apartado 2 do devandito artigo 194, :

- a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- b) As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polos seus singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.



- c) As demolicións.
- d) Os muros de contención de terras.
- e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de leiras en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelamento urbanístico.
- g) A primeira ocupación dos edificios.
- h) A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.
- i) A tala de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando dita tala derívese da lexislación de protección do dominio público.

Dita comunicación previa entre outros documentos acreditativos, deberá constar do xustificante de pago dos tributos municipais (art. 194.5).

FUNDAMENTOS LEGAIS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nos seus artigos 15 a 19 e 60 a 77.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia.

CONSIDERACIÓN LEGAIS

PRIMEIRA.- Os Concellos, de conformidade co artigo 59.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderán establecer e esixir entre outros os seguintes Impostos e Taxas :

- Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras.
- Taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas.

SEGUNDA.- O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto que grava a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívose ou non devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao Concello da imposición nos termos establecidos no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRA.- De conformidade co previsto no art. 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito impositivo das Taxas, entre outras, a prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos, sempre que o servizo ou a actividade non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados, e que non se presten ou realicen polo sector privado, esta ou non establecida o seu reserva a favor do sector público conforme a normativa vixente.

CUARTA.- ICIO e Taxa por expedición de licenzas urbanísticas son compatibles : "Os Concellos poderán establecer nas súas ordenanzas fiscais sistemas de xestión conxunta e coordinada deste imposto e da taxa correspondente ao outorgamento da licenza" (Art 103.5 RDL 2/2004).

QUINTA.- Nos termos do art. 17.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cuotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeráanse no taboleiro de anuncios da Entidade durante trinta días como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.



SEXTA.- O expediente deberá someterse a estudo pola Comisión Informativa de facenda, por así esixilo, entre outros, o artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 82 e 123 a 126 entre outros, do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SÉTIMA.- O expediente, completo e ditaminado pola Comisión Informativa de facenda, deberá elevarse ao Concello Pleno para o seu debate e aprobación, se procede, por maioría simple en virtude do artigo 22.2.d) e e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

IOTAVA.- O acordo de aprobación provisional será exposto ao público por prazo mínimo de trinta días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello para que os interesados poidan formular reclamacións.

NOVENA.- Poderán presentar reclamacións quen es teñan un interese directo ou resulten afectados polo acordo, e os Colexios Oficiais, Asociacións e demais Entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos ou veciñais, que actúen en defensa dos que lles son propios.

DÉCIMA.- As reclamacións presentadas deberán ser resoltas polo Concello Pleno que acordará, ao mesmo tempo a aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal. Non obstante, e no caso de que non se presenten reclamacións non será necesaria a adopción de novo acordo, estendéndose a tales efectos certificación acreditativa de tal extremo pola Secretaría Xeral.

UNDÉCIMA.- En todo caso, os acordos definitivos, ou os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das Ordenanzas Fiscais, ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no "Boletín Oficial" da Provincia, sen que entren en vigor ata que se levou a cabo devandita publicación íntegra.

DUODÉCIMA.- A Ordenanza Fiscal rexerá durante o prazo, determinado ou indefinido, previsto na mesma, e contra o acordo de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal só poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, de conformidade co establecido nos artigos 48 e 107.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e os artigos e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; e iso sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno.

CONCLUSIÓNS

Informáse favorablemente a proposta da Concelleiro-Delegado da Área de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego sobre modificación das ordenanzas fiscais nº 12 reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbano e nº 24 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras para adaptalas ás determinacións da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

En Fene a 18 de marzo de 2014.
O Interventor acumulado
Asdo. Manuel Larrosa Rodríguez"

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 2 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 abstencións (2 do grupo municipal PSOE e 2 do grupo municipal do BNG) na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 24.03.2014:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FACENDA PROMOCIÓN ECONÓMICA, FORMACIÓN E EMPREGO

O Concello de Fene ten actualmente en vigor, entre outras, as seguintes ordenanzas fiscais,

- Ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa polo outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbano.
- Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A normativa en xeral, e a urbanística en particular, está sendo obxecto nos últimos tempos de grandes transformacións sobre todo no relativo ós rexímenes de autorización/habilitación para poder exercer os actos sometidos a control.

O 27.12.2013 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 247 a Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. A dita lei modifica a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establecendo un novo réxime de control nos actos de uso do solo e do subsolo de xeito que mantense o control previo (a licenza) nuns casos concretos e establécese un control posterior (comunicación previa) no resto dos casos. Este novo marco normativo obríganos adaptar as ordenanzas fiscais anteriormente sinaladas.

En relación a ordenanza fiscal nº 12 propónse a modificación e derogación dos artigos seguintes,

- Modificación: Artigos 1, 2, 3 e 5 para incluír o réxime de comunicación previa xunto co de licenza e aclarar a redacción do artigo 5.3. Artigo 11 para regular cuestións de tramitación propiamente tributarias non recollendo trámites administrativos que xa se recollen na normativa autonómica e/ou estatal e que exceden do ámbito dunha ordenanza fiscal. Artigos 17 e 18 para configurar o réxime de liquidación tributaria.
- Derogación: Artigos 12, 13 e 14 por regular cuestións de procedemento administrativo (resolución, notificación e caducidade) que xa se recollen na normativa autonómica e/ou estatal e que exceden do ámbito dunha ordenanza fiscal. Artigos 15 e 16 por establecer un catálogo de infraccións non fiscais que exceden do contido dunha ordenanza fiscal e que, ademais, xa teñen o seu reflexo na normativa autonómica e/ou estatal.

En relación a ordenanza fiscal nº 24 propónse a modificación dos artigos 2, 5 e 7 para incluír o réxime de comunicación previa xunto co de licenza.

Tendo en conta o anterior, a normativa de tributos locais, facendo uso da posibilidade contida no artigo 111 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e visto o informe favorable do interventor en réxime de acumulación do 18.03.2014, PROPONSE Ó PLENO, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos económicos, facenda e especial de contas, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a derogación dos artigos 12, 13, 14, 15 e 16 da ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa polo outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbano e a modificación dos artigos 1, 2, 3, 5, 11, 17 e 18 da dita ordenanza nos termos que a continuación se recollen,

ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbano ou pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación dunha comunicación previa.

ARTIGO 2º.-

1.- Constitúe o feito impoñible a actividade municipal, técnica e administrativa, realizada para verificar se os actos de uso do solo e subsolo se axustan a normas urbanísticas, con carácter previo, no caso de actos sometidos a licenza, ou posterior, no caso de actos suxeitos á presentación de comunicación previa.

2.- No caso de que a licenza teña como feito impoñible a expedición de licenza de primeira ocupación de edificios, estarase ó recollido na ordenanza fiscal nº 21.

ARTIGO 3º.-

1.-Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro:

- a) Que soliciten a preceptiva licenza urbanística ou presenten a comunicación previa correspondente.
- b) Que executen instalacións, construcións ou obras, sen a preceptiva licenza ou sen a debida presentación da comunicación previa correspondente.

2.-En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuinte, os constructores e contratistas de obras.

ARTIGO 5º.-

1.- Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data da presentación da oportuna solicitude de licenza urbanística ou da comunicación previa, se o suxeito pasivo formulase expresamente estas.

2.- Cando as obras se iniciaran ou executaran sen obter a oportuna licenza nin ter presentada debidamente a comunicación previa correspondente, a taxa devengarase cando se inicie a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia do expediente administrativo de reposición da legalidade urbanística que corresponda.

3.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión condicionada desta. Tampouco verase afectada a obriga de contribuír pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez transcorridos 15 días dende a solicitude da oportuna licenza municipal ou dende a presentación da comunicación previa. Conforme ó anterior, se o interesado renuncia ou desiste no prazo sinalado comprobarase previamente que as obras non foron iniciadas. En caso contrario, non procederá ningún tipo de devolución.

ARTIGO 11º.-

1.- Trala presentación da solicitude de licenza ou da comunicación previa que corresponda efectuarase unha liquidación provisoria á conta. Unha vez rematada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o custe real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa modificará, no seu caso, a base impositiva, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

2.- Cando se produza calquera circunstancia que modifique o custe real e efectivo das obras, construcións ou instalacións que serviron de base para a determinación da cota tributaria, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar, no prazo dun mes, declaración complementaria, e unha vez aceptada a modificación pola administración municipal practicarase liquidación complementaria.

ARTIGO 17º.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións estarase ó disposto nos arts. 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e demais normativa aplicable e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspección, Xestión e Recadación.

ARTIGO 18º.-

Establécese o réxime de declaración tributaria polo suxeito pasivo (mediante presentación da solicitude de licenza ou da comunicación previa que corresponda) e posterior liquidación tributaria practicada por esta administración”.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 2, 5 e 7 da ordenanza fiscal nº 24 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras nos termos que a continuación se recollen,

“ARTIGO 2º.

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto en que o feito impositivo está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívase ou non a dita licenza, ou para a que se esixa presentación de comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello.

ARTIGO 5º.-



1.- Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título contribuínte as persoas físicas ou xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Os efectos previstos no párrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2.-No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo quen es soliciten as correspondentes licencias ou presenten as correspondentes comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cuota tributaria satisfeita

ARTIGO 7º.-

1.- Cando sexa concedida a licenza preceptiva ou se presente a comunicación previa ou cando, non solicitándose, concedéndose ou denegándose aínda aquela ou presentado éstas, sexa iniciada a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base impositiva en función dos informes dos técnicos municipais segundo o establecido na presente ordenanza.

A liquidación a que se refire este apartado practicarase utilizando como base impositiva a determinada polos técnicos municipais en función dos módulos establecidos no artigo 6 da presente ordenanza ou nos establecidos oficialmente polo Colexio de Arquitectos, no seu defecto.

Os servizos de urbanismo darán traslado do expediente ao servizo de xestión tributaria aos efectos de proceder a practicar a liquidación provisoria.

2.- Unha vez rematada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o custe real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa modificará, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda. No caso das obras maiores os suxeitos pasivos deberán presentar no Concello declaración do custe real e efectivo daquelas, acompañada dos documentos que consideren oportunos para os efectos de acreditar o expresado custe.

Cando se produza calquera circunstancia que modifique o custe real e efectivo das obras, construcións ou instalacións que servirán de base para a determinación da cota tributaria, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar, no prazo dun mes, declaración complementaria, e unha vez aceptada a modificación pola administración municipal practicarase liquidación complementaria. Será requisito para o outorgamento de licenza de primeira ocupación ter realizado a liquidación definitiva do imposto”.

TERCEIRO.- As modificacións e derogacións aprobadas provisionalmente entrarán en vigor unha vez publicado no boletín oficial da provincia o acordo definitivo, no seu caso o provisional elevado automaticamente a definitivo, e o texto das modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación.

Fene, 19 de marzo de 2014

O concelleiro

Juan José Franco Casal”

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que esta proposta trata de adaptar as ordenanzas fiscais á normativa vixente.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que anuncia a abstención porque o que se presenta é unha adaptación á Lei coa que teñen serias discrepancias, xa que o que fai é asfixiar ata o extremo á Administración local a costa de non poder prestar servizos aos veciños e veciñas. Entenden que o concello teña que facer ditas actualizacións pero o espírito de toda a modificación normativa que se está a facer cos concellos non a comparten.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que anuncia a abstención. Di que se trata de consideracións técnicas ás que hai que adaptarse. As leis que se están facendo, relativas a todo o que ten que ver coa Administración local, están a poñer paus continuamente á xestión municipal.



Seguidamente fai uso da palabra á voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que coincide co dito polos voceiros do PSOE e do BNG. Tendo en conta o informe favorable anuncia que se vai abster.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 abstencións, (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a derogación dos artigos 12, 13, 14, 15 e 16 da ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa polo outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbano e a modificación dos artigos 1, 2, 3, 5, 11, 17 e 18 da dita ordenanza nos termos que a continuación se recollen,

“ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbano ou pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación dunha comunicación previa.

ARTIGO 2º.-

- 1.- Constitúe o feito impoñible a actividade municipal, técnica e administrativa, realizada para verificar se os actos de uso do solo e subsolo se axustan a normas urbanísticas, con carácter previo, no caso de actos sometidos a licenza, ou posterior, no caso de actos suxeitos á presentación de comunicación previa.**
- 2.- No caso de que a licenza teña como feito impoñible a expedición de licenza de primeira ocupación de edificios, estarase ó recollido na ordenanza fiscal nº 21.**

ARTIGO 3º.-

- 1.-Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro:**
 - a) Que soliciten a preceptiva licenza urbanística ou presenten a comunicación previa correspondente.**
 - b) Que executen instalacións, construcións ou obras, sen a preceptiva licenza ou sen a debida presentación da comunicación previa correspondente.**
- 2.-En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuinte, os constructores e contratistas de obras.**

ARTIGO 5º.-

- 1.- Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data da presentación da oportuna solicitude de licenza urbanística ou da comunicación previa, se o suxeito pasivo formulase expresamente estas.**
- 2.- Cando as obras se iniciaran ou executaran sen obter a oportuna licenza nin ter presentada debidamente a comunicación previa correspondente, a taxa devengarase cando se inicie a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia do expediente administrativo de reposición da legalidade urbanística que corresponda.**
- 3.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión condicionada desta. Tampouco verase afectada a obriga de contribuír pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez transcorridos 15 días dende a solicitude da oportuna licenza municipal ou dende a presentación da comunicación previa. Conforme ó anterior, se o interesado renuncia ou desiste no prazo sinalado comprobarase previamente que as obras non foron iniciadas. En caso contrario, non procederá ningún tipo de devolución.**

ARTIGO 11º.-

1.- Trala presentación da solicitude de licenza ou da comunicación previa que corresponda efectuarase unha liquidación provisoria á conta. Unha vez rematada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o custe real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa modificará, no seu caso, a base imponible, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

2.- Cando se produza calquera circunstancia que modifique o custe real e efectivo das obras, construcións ou instalacións que serviron de base para a determinación da cota tributaria, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar, no prazo dun mes, declaración complementaria, e unha vez aceptada a modificación pola administración municipal practícarase liquidación complementaria.

ARTIGO 17º.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións estarase ó disposto nos arts. 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e demais normativa aplicable e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspección, Xestión e Recadación.

ARTIGO 18º.-

Establécese o réxime de declaración tributaria polo suxeito pasivo (mediante presentación da solicitude de licenza ou da comunicación previa que corresponda) e posterior liquidación tributaria practicada por esta administración”.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 2, 5 e 7 da ordenanza fiscal nº 24 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras nos termos que a continuación se recollen,

“ARTIGO 2º.

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto en que o feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívase ou non a dita licenza, ou para a que se esixa presentación de comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello.

ARTIGO 5º.-

1.- Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título contribuínte as persoas físicas ou xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Os efectos previstos no párrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2.-No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo quenes soliciten as correspondentes licencias ou presenten as correspondentes comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cuota tributaria satisfeita

ARTIGO 7º.-

1.- Cando sexa concedida a licenza preceptiva ou se presente a comunicación previa ou cando, non solicitándose, concedéndose ou denegándose aínda aquela ou presentado éstas, sexa iniciada a construción, instalación ou obra, practícarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible en función dos informes dos técnicos municipais segundo o establecido na presente ordenanza.

A liquidación a que se refire este apartado practícarase utilizando como base imponible a determinada polos técnicos municipais en función dos módulos establecidos no artigo 6 da presente ordenanza ou nos establecidos oficialmente polo Colexio de Arquitectos, no seu defecto.

Os servizos de urbanismo darán traslado do expediente ao servizo de xestión tributaria aos efectos de proceder a practicar a liquidación provisoria.



2.- Unha vez rematada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o custe real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa modificará, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

No caso das obras maiores os suxeitos pasivos deberán presentar no Concello declaración do custe real e efectivo daquelas, acompañada dos documentos que consideren oportunos para os efectos de acreditar o expresado custe.

Cando se produza calquera circunstancia que modifique o custe real e efectivo das obras, construcións ou instalacións que servirán de base para a determinación da cota tributaria, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar, no prazo dun mes, declaración complementaria, e unha vez aceptada a modificación pola administración municipal practicarase liquidación complementaria.

Será requisito para o outorgamento de licenza de primeira ocupación ter realizado a liquidación definitiva do imposto”.

TERCEIRO.- As modificacións e derogacións aprobadas provisionalmente entrarán en vigor unha vez publicado no boletín oficial da provincia o acordo definitivo, no seu caso o provisional elevado automaticamente a definitivo, e o texto das modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación.

6. Aprobación, se procede, da proposta de suplemento de créditos núm. 1/2014

Consta no expediente o informe de Intervención do 18.03.2014, que copiado di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CREDITOS Nº 01/2014.

Emítase o presente informe en cumprimento do exixido polos artigos 177.2 del Texto Refundido de la Lei RFL e 37.3 do RD 500/1990.

Normativa aplicable

Lei Reguladora das Bases del Réximen Local.

Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locales.

Real Decreto 500/1990 que aproba el Regulamento Presupostario.

Bases de execución do Orzamento municipal para o exercicio 2012, prorrogado.

Consideracións

1. A pretensión da Alcaldía de tramitar expediente de suplemento de créditos considérase procedente, toda vez que a causa invocada é congruente co previsto no artigo 177.1 de la Ley de Haciendas Locales e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

2. O Alcalde é órgano competente para ordenar a incoación do expediente, por así telo previsto o artigo 177.1 da Lei de Facendas Locales e artigo 37 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

3. A documentación existente no expediente é a ordenada no artigo 37, puntos 1 e 2 do referido Real Decreto.

4. Acompañanse ó expediente os certificados e informes de Intervención acreditativos da insuficiencia de crédito, co que se cumpre co preceptuado no articulo 37.2 letra b.

5. Na Memoria de Alcaldía motivase o carácter específico e concreto dos gastos e afirmase a imposibilidade de demora-los a exercicios futuros .

6. Propónse que o suplemento de créditos se financie con baixas por anulación de créditos, de conformidade co previsto no artigo 36.1 c) do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

O artigo 36.1 c) permite financiar expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito con baixas doutras partidas do orzamento que non se atopen comprometidas e cuxas dotacións se



estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo. Todo elo, previo estudo das necesidades, de carácter inaprazable, que neste momento ten a corporación.

7. O artigo 37.1 do R.D. 500/1990 indica que os expedientes de suplemento ou crédito extraordinario incoaranse por orden de Alcaldía, pero que a súa tramitación ou incoación efectiva corresponderá ás diferentes unidades administrativas que teñan ó seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas. A este respecto, manifestar que, como é habitual no Concello, dita incoación (Memoria xustificativa e demais documentación) foi elaborada polos servizos de Intervención e subscrita polo Alcalde, ante a escasa implicación na xestión orzamentaria e na tramitación de expedientes por parte dos diferentes centros ou departamentos administrativos deste Concello.

O Real Decreto citado e o propio RDL2/2004, de 5 de marzo únicamente encomendan á Alcaldía a orde de iniciación ou de incoación do expediente e á Intervención a emisión do preceptivo informe e das certificacións que procedan sobre a situación orzamentaria das diferentes partidas, sin encargar nin a un nin a outro órgano a incoación ou elaboración material do expediente.

Procedemento

Para aprobar un expediente de suplemento de créditos a través do procedemento excepcional do Artigo 177.6 TRLRFL, substanciaranse os trámites seguintes:

- a.-Ordeación da incoación do mesmo polo Sr. Alcalde.
- b.-Unha vez formado o expediente, coa documentación e informes precisos, requirese dictame preceptivo e non vinculante da Comisión de Facenda.-art 126.1 Regulamento de Organización, Funcionamiento y Regimen Jurídico de las Entidades Locales.
- c.-Aprobación inicial polo Pleno conforme ó previsto no artigo 177.2 do RDL2/2004 e 37.3 do R.D.500/90 de 20 de Abril. O acordó será inmediatamente executivo e a partir dese momento poderá aplicarse o gasto ó orzamento, sen perxuízo dos trámites posteriores.
- d.-Exposición publica por quince días hábiles, con anuncio no Taboleiro de Edictos e mo BOP (Artículo 169.1 do RDL2/2004 e artigo 20 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, por remisión do artigo 177.2 do RDL2/2004 e artigo 38.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo. E se non as houbera, publicado o anuncio definitivo, entenderase aprobado definitivamente.
- e.-Remítirase copia da modificación á Consellería de Xusticia e Interior e á Dirección General de Coordinación con las Haciendas Territoriales (artigo 20.4 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril).

Conclusións.

Infórmase FAVORABLEMENTE o expediente de suplementos de crédito nº 01/2014- Non obstante, a Corporación, con superior criterio, resolverá o que estime procedente.

Fene, 18 de marzo de 2014
O interventor acumulado,
Asdo: Manuel Larrosa Rodríguez"

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 2 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 abstencións (2 do grupo municipal do PSOE e 2 do grupo municipal do BNG) na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 24.03.2014:

"PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse ao Concello Pleno a adopción do acordo de concesión de suplemento de créditos nº 1/2014, con fundamento na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Logo de ver os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 01/2014 de Suplementos de Créditos financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 47.498,79 € de conformidade co establecido no artigo 177.6 do TRLRFL ó concurrir no presente caso, e segundo o expresado na providencia de inicio do expediente, as circunstancias a que fai referencia o citado artigo.

O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias que se incrementan mediante o suplemento de créditos:

Aplicación	Descrición	Importe
179/22700	Outras actuacións de medio ambiente: Limpeza de praias 2014	17000,00
453/61900	Estradas: Reparación de camiños municipais (rebacheos)	17000,00
171/13100	Parques e xardíns: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	1031,05
230/13100	Adm X. SS: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	2386,91
233/13100	Asist. A persoas dependentes: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	1726,04
241/13100	Fomento do emprego: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	1309,12
320/13100	Adm X de educación: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	2043,15
320/13002	Adm X de educación: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	804,62
330/13100	Adm. X. cultura: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	332,39
334/13100	Promoción cultura: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	269,23
492/13100	Xestión do coñecemento: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	714,68
492/13002	Xestión do Coñecemento: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	1315,95
920/13100	Adm. Xeral: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	572,54
920/13002	Adm. Xeral: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	239,60
923/13100	Inf. Básica e Estatística: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	377,65
931/13100	Política económica e fiscal: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	375,86
Total		47498,79

2º.- Financia-lo expediente nº 1/2014 de Suplemento de Créditos con baixas por anulación de créditos por importe total de 47498,79 Euros, sendo as partidas afectadas as seguintes:

Aplicación Orzamentaria		Cosignación anterior	Disminución	Crédito definitivo
Código	Denominación			
011/31000	Débeda pública: xuros préstamo BCL 2010	20000,00	2697,39	17302,61
334/22698	Promoción cultural: actividades puntuais, Blanco Amor	11570,00	11570,00	0,00
334/48000	Promoción cultural: Outras subvencións, Blanco Amor	12000,00	12000,00	0,00
161/d9/63300	Saneamento e abastecemento auga: Aportación municipal rede abastecemento auga R/Alta e A Torre (PCC 2011)	21231,40	21231,40	0,00
Total			47498,79	

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.



4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, 19 de marzo de 2014
O alcalde,
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que trátase de facer un suplemento de crédito que permitirá acometer aos gastos precisos para atender os gastos que se indican, limpeza de praias, rebacheo de camiños ou o pagamento de parte da paga extra que esixe a sentenza.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que anuncia a abstención, debido a que consideran que a as obras son necesarias e o seu voto non vai impedir que se fagan, pero tamén é certo que esta proposta chega ao Pleno cunha demora importante. As obras son necesarias e coa súa abstención permitirán a realización das obras para que os veciños gocen delas canto antes.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que o seu grupo xa demandou estas obras e o pagamento das pagas extra, por iso, para facilitar a súa realización vanse abster.

Seguidamente fai uso da palabra á voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que coincide coa realización das obras e co pagamento da paga extraordinaria, por iso, para facilitala súa realización, anuncia a abstención.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 abstencións, (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º. Aprobar o expediente nº 01/2014 de Suplementos de Créditos financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 47.498,79 € de conformidade co establecido no artigo 177.6 do TRLRFL ó concorrer no presente caso, e segundo o expresado na providencia de inicio do expediente, as circunstancias a que fai referencia o citado artigo.

O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias que se incrementan mediante o suplemento de créditos:

Aplicación	Descrición	Importe
179/22700	Outras actuacións de medio ambiente: Limpeza de praias 2014	17000,00
453/61900	Estradas: Reparación de camiños municipais (rebacheos)	17000,00
171/13100	Parques e xardíns: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	1031,05
230/13100	Adm. X. SS: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	2386,91
233/13100	Asist. A persoas dependentes: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	1726,04
241/13100	Fomento do emprego: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	1309,12
320/13100	Adm. X de educación: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	2043,15
320/13002	Adm. X de educación: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	804,62
330/13100	Adm. X. cultura: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	332,39
334/13100	Promoción cultura: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	269,23
492/13100	Xestión do coñecemento: Parte Proporcional P. Extra	714,68

	dec.2012	
492/13002	Xestión do Coñecemento: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	1315,95
920/13100	Adm. Xeral: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	572,54
920/13002	Adm. Xeral: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	239,60
923/13100	Inf. Básica e Estatística: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	377,65
931/13100	Política económica e fiscal: Parte Proporcional P. Extra dec.2012	375,86
Total		47498,79

2º. Financia-lo expediente nº 1/2014 de Suplemento de Créditos con baixas por anulación de créditos por importe total de 47498,79 Euros, sendo as partidas afectadas as seguintes:

Aplicación Orzamentaria		Consignación anterior	Diminución	Crédito definitivo
Código	Denominación			
011/31000	Débeda pública: xuros préstamo BCL 2010	20000,00	2697,39	17302,61
334/22698	Promoción cultural: actividades puntuais, Blanco Amor	11570,00	11570,00	0,00
334/48000	Promoción cultural: Outras subvencións, Blanco Amor	12000,00	12000,00	0,00
161/d9/63300	Saneamento e abastecemento auga: Achega municipal rede abastecemento auga R/Alta e A Torre (PCC 2011)	21231,40	21231,40	0,00
Total			47498,79	

3º. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro do dito prazo.

7. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE, en relación coa eliminación do seguro de mal tempo para os traballadores/as do mar levada a cabo pola Xunta de Galicia

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 4 votos a favor (2 do grupo municipal do PSOE e 2 do grupo municipal BNG) e 2 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 24.03.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa ELIMINACIÓN DO SEGURO DE MAL TEMPO PARA OS TRABALLADORES/AS DO MAR LEVADA A CABO POLA XUNTA DE GALICIA, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O SECTOR PESQUEIRO E MARISQUEIRO:



A 31 de decembro de 2013 estaban dadas de alta no Réxime Especial do Mar (REM) en Galicia 21.713 persoas. Todas estas persoas teñen algo en común: exercen unha profesión que non ten un salario fixo, que non ten unha data mensual para a recepción da súa nómina, que non ten horarios, que non poñen eles o prezo da súa mercadoría e que están suxeitos a circunstancias absolutamente incontrolables por eles como son a metereoloxía adversa, a Política Pesqueira Común, a heteroxénea lexislación autonómica, nacional e comunitaria, etc.

O sistema retributivo de todas estas persoas está fortemente condicionado polo nivel das capturas, o prezo acadado nas lonxas polo seu produto e polo modo de reparto previamente establecido entre o armador (no caso das embarcacións con mais dun tripulante) e o traballador. En tódolos casos hai unha constante inmutable: se non se pesca non se cobra.

O modelo mais común é o sistema de reparto á parte. Este modelo significa que, do total obtido polas capturas fanse partes proporcionais. A mais común establece entre o 50-60 % corresponda á embarcación e o restante divídese entre as partes establecidas no conxunto da tripulación. Hai que ter en conta que non hai tantas partes como tripulantes si non que estas establécense en función do cargo que se desempeña, así un mariñeiro pode ter unha parte pero o patrón pode ter mais. Cando a actividade se fai de xeito individual ou sen necesidade de embarcación, cambia o modelo retributivo pero non as circunstancias en que se exerce a profesión.

Pero as xentes que exercen esta profesión teñen gastos e obrigas que, estas si, hai que abordalas con regularidade: pagos da Seguridade Social, impostos, taxas, mantemento de embarcacións, gastos correntes, etc, etc, polo que en determinadas épocas do ano a economía das familias mariñeiras vese sometida a duras probas. Para paliar estes períodos de dificultade recorriase, anos atrás, a subscrición de pólizas de crédito cos bancos. Hoxe é imposible polas circunstancias financeiras que todos coñecemos.

A INFLUENCIA DA CLIMATOLOXÍA:

Dende o 15 de decembro téñense producido en Galicia varias cicloxéneses explosivas, mesmo varias por semana, coas conseguíntes consecuencias: ventos moi por riba dos cen quilómetros por hora (houbo episodios de 190), ondas que chegan a acadar os 13 metros de altura, choivas incesantes (que implican alto índice de mortalidade de bivalvos polos aportes de auga doce da choiva e dos ríos ás rías), ruptura de amarres, períodos prolongados de vixilia para preservar as embarcacións e as artes de imprevistos, danos en instalacións portuarias e en casetas, etc.

Ate o día de hoxe téñense producidos avisos de alarma vermella no mar por cada unha das cicloxéneses producidas. Estas alarmas teñen distinta percepción en terra que no mar. Cando pasa un fronte moi activo por riba de Galicia preséntase con fortes ventos, normalmente do sudoeste, que acaban dando paso a copiosas choivas para ir mingando paulatinamente cando os ventos rolan ao norte-noroeste. Aquí baixan as temperaturas, hai chuvascos esporádicos e incluso sensación de bonanza en terra coa saída do sol puntualmente. Pero no mar é distinto. A todo o anterior, que se sofre como en terra, hai que engadir que despois dun fenómeno polo que se decretan alertas vermellas, durante varios días ven o Mar de Fondo que son as ondas que o forte vento formou ao seu paso polo mar. Neste inverno practicamente non houbo ningún día, dende mediados de decembro, que as ondas baixasen dos cinco metros con episodios que duraron días, en que a constante foi de ondas por riba dos oito metros de altura. Nesas circunstancias solo poden saír a faenar un número moi reducido de embarcacións cando as ondas están por debaixo dos seis metros e con pouco vento: algún cerqueiro, arrastre de litoral, algún palangreiro, etc.

A maior parte da flota non pode saír a pescar polo seu reducido tamaño. Debemos ter en conta que a flota galega está composta por case 4.600 embarcacións de pesca das que 4.016 son de artes menores. Isto significa que son o groso da flota que sorte os nosos mercados: naseiros, trasmallos, vetas, palangre, cerqueiros pequenos, gamelas, etc., e que, na súa inmensa maioría, teñen entre un e cinco tripulantes. Nin que dicir ten que os mariscadores a pe e a flote que se dedican ao percebe permaneceron durante dous meses sen ningunha posibilidade de exercer a súa profesión e que o marisqueo a pe veu como se gran parte dos bivalvos acababan arrastrados polas riadas ou mortos pola baixa salinidade das augas.

CONSECUENCIAS ECONÓMICAS

Decembro é o verán son as épocas en que os prezos dos peixes e mariscos acadan o seu valor mais alto e moitas confrarías organízanse para preservar determinadas zonas e especies para explotalas



nestas datas. Pero, cando a climatoloxía se comporta coma neste inverno, estase a producir un dano irreparable nas economías pesqueiras xa que, por riba da imposibilidade de pescar ou mariscar, en moitos casos téñense feito investimentos para abordar este período con mais garantías de éxito económico.

Na maioría das lonxas galegas teñen minguado as vendas de peixes e marisco en porcentaxes que, nalgún caso, chegan ao 50%, especialmente naquelas onde o PIB local é mais dependente desta actividade. As razóns son a baixada de prezos que se ven producindo nos últimos tempos, e a práctica inexistencia da campaña de Nadal polos fenómenos climáticos.

UN SEGURO DE MAL TEMPO

Conscientes desta situación o Goberno de Emilio Pérez Touriño, sendo Carmen Gallego conselleira de pesca, puxo en práctica o coñecido como SEGURO DO MAL TEMPO. Este seguro, o primeiro que se poñía en marcha no mundo, pretendía que, baixo determinadas circunstancias climáticas, os mariñeiros puideran asegurarse uns ingresos básicos sen ter que xogarse a vida para manter á familia e a empresa familiar. Garantía uns ingresos de 125€ diarios ate un máximo de 2.500 por exercicio.

Ao ser un seguro novo e sen experiencias previas, tiña algunhas dificultades na súa aplicación e na interpretación das cláusulas aseguradas. As razóns, a parte do novedoso do seguro, é a heteroxénea composición das "familias" profesionais das xentes do mar: para un cerqueiro unha onda de catro metros é "o normal", para un percebeiro é "baga de mar campal". A pesar diso había disposición para ir mellorando o sistema e de aprender en base a experimentación, tal como se fixo no seu día cos seguros agrarios. A administración subvencionaba o seguro en preto co 78%% do custe da póliza.

Co cambio de goberno tomouse, entre outras medidas que recortaron medidas de protección para o sector pesqueiro e marisqueiro, a decisión de eliminar o Seguro de Mal Tempo sen medir as consecuencias nin tentar buscarlle solución as eivas que se tiñan detectado ate o momento, xa que, cando os períodos de mal tempo son prolongados, os traballadores e as traballadoras do mar non obteñen ningún ingreso e deben recorrer aos aforros, se teñen a sorte de dispor deles, a solidariedade familiar, ou suplicar axudas públicas para facer fronte as súas necesidades mais perentorias: alimentación, roupa, impostos, taxas, etc.

Para que esas circunstancias non se produzan existen mecanismos de seguranza que permiten as familias, que teñen o seu campo de actividade noutros sectores primarios, asegurarse uns mínimos vitais en caso de climatoloxía adversa ou catastrófica. Dende fai mais dun século existen os seguros agrarios que dan resposta a situacións como as que aquí describimos.

O DESCANSO SEMANAL:

Outra das circunstancias que actúa contra o sector, sendo unha boa medida, é o descanso semanal de sábado e domingo establecido con carácter xeral xa que a climatoloxía non entende de días concretos da semana para "descansar". Así, pódese dar a circunstancia de que durante toda a semana sexa imposible saír a faenar e chegado o sábado e domingo se produza unha tregua nas condicións do tempo, ou coincida con mareas vivas que permitirían o marisqueo en sitios algo mais abrigados; sen embargo a lexislación impide que durante ese período se traballe no mar. Esta circunstancia é especialmente gravosa para as economías familiares cando, coma neste inverno, os períodos de inactividade son moi prolongados.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene insta á Xunta de Galicia a:

1. Reintroducir o Seguro de Mal tempo como medida que garanta ,as persoas que teñen o seu traballo no mar, uns ingresos mínimos dignos durante os períodos prolongados de inactividade por climatoloxía adversa.



2. A flexibilizar a normativa que establece o descanso semanal obrigatorio para os días sábado e domingo, cando as condicións climáticas e as mareas fagan imposible a actividade ao longo do resto da semana.

3. A que, con carácter de urxencia e mentres non se fagan efectivas as medidas propostas nos puntos 1 e 2, se habiliten medidas, programas e recursos suficientes para facer fronte a grave situación económica que están a pasar as familias mariñeiras do noso concello, da Costa da Morte e de toda Galicia, por mor da inactividade forzosa a que se ven sometidos como consecuencia dos continuados temporais deste inverno.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que esta moción fai referencia á actividade que afecta a moitas familias de Galicia e do concello que é a supresión, por parte do PP e da Xunta de Galicia, do seguro de mal tempo das persoas que traballan no mar. Trátase dunha medida que foi posta en marcha pola anterior Xunta de Galicia que pretendía paliar o non poder ir traballar por mor dos temporais, como sucedeu este ano cos temporais concatenados e especialmente virulentos que impediron saír a traballar ben na pesca, ben no marisqueo, xa que no mar o que pasa é que se un non traballa non cobra. Co anterior goberno púxose en marcha un seguro do mal tempo que paliaba esta situación, que axudaba aos traballadores do mar aqueles días que non podían traballar e faenar con algún ingreso que puidese paliar que os gastos máis básicos non estivesen totalmente vencellados polas condicións climatolóxicas. O PP decidiu suprimir este seguro do mal tempo e en invernos especialmente virulentos, coma este, ao non poder traballar non poderán gañar cartos.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que lembra que no Pleno de febreiro de 2013 o BNG xa propuxo unha moción que trataba este asunto. Esta moción ten unha finalidade semellante a aquela que é defender ao sector. Este ano a situación está sendo bastante tráxica con todos os accidentes que houbo no mar. Por todo isto van votar a favor.

Seguidamente fai uso da palabra á voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que votará a favor. É lamentable que se lle dea caña á xente máis desfavorecida e quere lembrar que no Parlamento galego os partidos da oposición votaron a favor deste seguro. Fai un ano tiveron aquí aos mariscadores da ría de Fene protestando pola súa situación que era dramática e agora estase na mesma situación.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que votará en contra da moción e centrarase no que expón a moción como motivos para instar á Xunta de Galicia. Cando se fala de introducir novamente o seguro do mal tempo hai que ter en conta que o seguro era moi deficiente, o que se prevía gastar estaba desfasado e había unha deficiencia orzamentaria debido a que o cartos consignados orzamentariamente nunca se chagaban a gastar completamente. Respecto do descanso semanal entende que dende o sector pesqueiro non hai este tipo de reivindicacións polo que pensa que non deben tocar iso, máis tendo en conta que hai unha normativa específica que regulamenta os descansos nos sectores profesionais. Respecto da solicitude dunha serie de medidas urxentes que palien esta situación no caso de non aprobar a contratación do seguro di que a Xunta de Galicia xa está traballando nunha serie de medidas encamiñadas neste sentido, estase traballando na creación de créditos brandos, a posibilidade de aprazamento das cotas da Seguridade Social, tamén en cubrir os danos dos temporais nas embarcacións, aínda que lembra que os seguros, como nos coches, tamén son obrigatorios para os barcos polo que estarían amparados por isto.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que é curioso dicir que a Xunta de Galicia vai traballar na creación dun seguro para as embarcacións cando xa teñen que ter un seguro obrigatorio. Respecto do dito de que a Xunta de Galicia tiña unha previsión desfasada a nivel orzamentario di que como é posible que a virtude de ter cartos nunha partida para cubrir os danos que puidesen ocorrer poida, o PP, convertelo nun defecto, oxalá todas as partidas puideran ter cartos de sobra para imprevistos, máxime cando o seguro de mal tempo facía cubrir períodos de inactividade prolongados, algo que non é determinable a priori. Este argumento fai menos explicable a supresión cando o propio PP di que a cantidade de cartos que se gastaba non era excesiva polo que non ten sentido eliminalo. É unha cuestión de solidaridade, de igualdade, de comprensión de que o Estado, neste caso a Comunidade Autónoma, teña que estar para axudar aos cidadáns cando peor o están a pasar. Respecto do dito que non é unha reivindicación do

sector di que todos os que falan con eles, dende a Cofradía de Fene ata os armadores, teñen a mesma petición, que é unánime. Respecto das alternativas nas que está a traballar a Xunta de Galicia di que os créditos, aínda que sexan brandos, o que fan é conseguir endebedar máis ás familias que se caracterizan por non ter nin estabilidade laboral, nin grandes salarios. Por todo isto a mellor solución é volver ao seguro de mal tempo que cubre estas circunstancias. Por iso pídelle ao PP que teña sensibilidade cos veciños deste concello que se verían beneficiados con esta medida e pídelle que vote a favor dela.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que cando se consigna unha partida orzamentaria e non se gasta é unha ineficiencia orzamentaria, se deixa de gastar cartos en algo que pode ser necesario. Respecto da flexibilización do descanso di que a moción pide que os descansos de sábados e domingos se substitúan por aqueles días que non se pode faenar polo mal tempo e esta reclamación non existe no sector.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

A Corporación Municipal de Fene insta á Xunta de Galicia a:

1. Reintroducir o Seguro de Mal tempo como medida que garanta ,as persoas que teñen o seu traballo no mar, uns ingresos mínimos dignos durante os períodos prolongados de inactividade por climatoloxía adversa.

2. A flexibilizar a normativa que establece o descanso semanal obrigatorio para os días sábado e domingo, cando as condicións climáticas e as mareas fagan imposible a actividade ao longo do resto da semana.

3. A que, con carácter de urxencia e mentres non se fagan efectivas as medidas propostas nos puntos 1 e 2, se habiliten medidas, programas e recursos suficientes para facer fronte as grave situación económica que están a pasar as familias mariñeiras do noso concello, da Costa da Morte e de toda Galicia, por mor da inactividade forzosa a que se ven sometidos como consecuencia dos continuados temporais deste inverno.

8. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE, en relación co fondo de pago a provedores nos concellos

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 4 votos a favor (2 do grupo municipal do PSOE e 2 do grupo municipal BNG) e 2 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 24.03.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación co FONDO DE PAGO A PROVEDORES NOS CONCELLOS, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas estableceu o mecanismo de pago a provedores para CCAA e EELL. O Goberno aprobouno en 2012, a través do Real Decreto 4/2012 e Real Decreto 7/2012. O obxectivo era fornecer liquidez ás empresas e apoiar financieramente ás administracións territoriais afrontando o pago a longo prazo das súas débedas. No 2013 púxose en marcha a terceira e última fase, a través do Real Decreto 8/2013.

O mecanismo de pago a provedores significou transformar a débeda comercial dos Concellos en débeda financeira. En maio de 2012 formalizáronse préstamos a longo prazo, dez anos con dous de carencia, para o pago e cancelación das débedas contraídas cos provedores. Previamente, as EELL tiñan que aprobar uns plans de axuste que debían ser aceptados polo Ministerio.



As condicións financeiras destas operacións fixéronse polo Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de 1 de marzo de 2012, publicado mediante Orde PRE/773/2012, de 16 de abril. En dita Orde recóllase o criterio para determinar o tipo de interese para as EELL, identificándoo co equivalente ao custo de financiamento do Tesouro Público aos prazos sinalados máis unha marxe máxima de 115 puntos básicos ao que se engadiría unha marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos.

Este tipo de interese revisárase trimestralmente en cada data de pago, conforme ás cláusulas que se conteñan nos contratos. O primeiro tipo de interese que se comunicou foi do 5,939%.

Como conclusión podemos dicir que as EELL víronse obrigadas a formalizar unhas operacións de crédito a longo prazo, a un elevado tipo de interese e cunha esixencia engadida de cumprir cuns plans de axuste, aceptados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Unha política de Estado na que non colaboraron para a súa definición as EELL, que cuestiona a súa propia autonomía municipal e que supón un custo considerable para os propios Concellos.

Ás dúas primeiras fases do Plan de Pago a Provedores acolléronse 3.777 EELL, entre elas o Concello de Fene, por un importe de 9.598.340.495 euros. Con respecto á terceira fase, a do 2013, os últimos datos provisionais dos que dispomos indican que foron 282 as EELL acollidas a ela, por un importe de 215.754.812 euros.

Como sinalamos anteriormente, como as operacións formalizáronse en maio de 2012, contando con 2 anos de carencia, será por tanto a partir de maio de 2014 cando as EELL teñan que comezar coa amortización dos préstamos. Isto suporá, que terán que facer fronte a un pago bastante maior do que viñan facendo nos dous primeiros anos, e que algúns deles terán enormes dificultades para poder pagar. No entanto, o pago está garantido, posto que o detraería da PIE o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Ante o problema que vai supor o pago das cotas de amortización deste préstamo para algunhas EELL, propomos unha solución razoable e acorde coas circunstancias de cada Entidade Local.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar o Goberno de España a revisar as condicións establecidas nas operacións financeiras formalizadas polas EE.LL. no marco do Plan de Pago a Provedores.

A revisión destas condicións será mediante:

- a. A ampliación do período de carencia.
- b. A ampliación do prazo de amortización.
- c. A redución do tipo de interese

2. Para determinar esta revisión, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas convocará a Comisión Nacional de Administración Local."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di o goberno de España aprobou un plan de provedores para darlles cartos aos concellos para pagarlles aos provedores, algo que cualifica como positivo e que tornou en algo negativo, que é o cambio daquela débeda que había cos provedores a outra nova débeda cos bancos a través de débeda financeira. As condicións nas que o goberno de España habilitou estas partidas de créditos para os concellos non foron as máis vantaxosas para os concellos, tanto que agás os dous anos de carencia o tipo de interese era peor do que calquera entidade bancaria podería ofrecerlle ao concello. O período de carencia entenderon que era para aprazar o pagamento cando a crise se prevía máis forte e agora, unha vez rematada a carencia, o concello ten que comezar pagar cando o concello non mellorou a



súa situación, está peor por culpa da crise, polas medidas do PP e do goberno de España que cercena todo tipo de ingresos que poidan ter os concellos. Hoxe non hai capacidade para devolver estes cartos, sen que sexa traumático e isto non é o caso de Fene, que afortunadamente está ben, o peor é para os concellos que non están ben e que o van pasar especialmente mal. A moción pide que se mire un pouco polo financiamento dos concellos, que é mirar pola saúde financeira dos cidadáns e pola capacidade de servizo aos cidadáns, para que os concellos teñan a capacidade real de facer obras, máis cando esta semana coñeceu o obxectivo de déficit do que resulta que os concellos, que eran os que arruinaban este país, foron os únicos que cumpriron o obxectivo de déficit do goberno e que o que máis se desviou daquel déficit foi o propio goberno de España que é quen obriga as demais Administracións.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que anuncia que votarán a favor da moción. O concello de Fene non é o máis prexudicado por esta medida pero non cabe dúbida que o préstamo feito pola banca a Administración ao 6,5% de interese é un bo negocio para os bancos. Se poderían ter negociados préstamos máis baixos, así esta medida prexudica aos concellos en xeral e en particular aos concellos que ao mellor cumpren. O curioso é que cando remata o ano compróbase o déficit e os concellos son as únicas entidades que o cumpren e o Estado, que é quen máis aperta, é quen máis incumpre.

Seguidamente fai uso da palabra á voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di vai votar a favor porque comparte o dito polos voceiros do PSOE e do BNG.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que dende a súa posición debe corrixir certas mentiras que se dixeron aquí. Cando o seu grupo chegou ao goberno en xuño de 2011 atopáronse co primeiro crédito de pagamento a provedores e no concello había máis de 900000 euros de facturas a provedores sen pagar, en novembro de 2011 subscribiron un crédito ICO para facer fronte a 390000 euros, crédito que estaba previsto a 3 anualidades, nos orzamentos do 2012 adiantouse unha anualidade, así o que se ía amortizar en 3 anualidades fíxose en dúas e aforráronse 28000 euros de xuros. A continuación veu o segundo e o terceiro pagamento a provedores, que é ao que se fai referencia hoxe, así lémbrales aos voceiros da oposición que o Concello de Fene non subscribiu ningún pagamento a provedores, pagouse con fondos propios, non se formalizou ningunha operación en maio de 2012 e non se terá que pagar absolutamente nada. Se a moción a formulan a nivel xeral para os que estean afectados parécelle ben, incluso a pode compartir, pero antes de traer ao Pleno estas mocións "enlatadas" que lles mandan a todos os partidos, incluído o seu e que o PP non presenta, pensa que debían lerse, cando menos, e verificar o que se di nas mocións, por iso conclúe que os membros do PSOE non se enteran de nada.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que o crédito ICO o defenderon e seguen a defendelo, así lembra que o seu grupo permitiu cos seus votos pagarlles aos provedores, á marxe da problemática do Concello de Fene.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do PSOE que entón retiren da moción as referencias ao Concello de Fene.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que só hai unha referencia ao concello de Fene que di: "entre elas o Concello de Fene" que está mal e que a retira.

O alcalde di que toda a moción está mal.

O voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, di que o demais está ben e que seguen a pensar que os créditos ICO flexibilizaron os pagamentos.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que xa dixo que isto non afectaba a Fene pero como dixo, alégrase que se anticiparan cartos dun préstamo con intereses altísimos.

O alcalde intervén para dicir que foi en contra do criterio do grupo municipal do BNG pero non se pode chamar á confusión ao público. As cousas hainas que contar como son.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Instar o Goberno de España a revisar as condicións establecidas nas operacións financeiras formalizadas polas EE.LL. no marco do Plan de Pago a Provedores.

A revisión destas condicións será mediante:

- a. A ampliación do período de carencia.**
- b. A ampliación do prazo de amortización.**
- c. A redución do tipo de interese**

2. Para determinar esta revisión, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas convocará a Comisión Nacional de Administración Local.

9. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa promoción do camiño inglés a Compostela

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con logo de obter 4 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade realizada o 28.03.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa PROMOCIÓN DO CAMIÑO INGLÉS A COMPOSTELA, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Camiño de Santiago aglutina características que o converten nun elemento destacado do noso patrimonio cultural. O seu significado relixioso, o seu interese cultural e o seu potencial turístico converten á Ruta Xacobeá nun recurso cun potencial enorme para a xeración de actividade cultural e económica ao longo dos seus diferentes trazados. Lonxe da masificación doutros camiños, o Inglés é un trazado que actualmente discorre polas localidades recuperadas en virtude de documentos, escrituras e rexistros que facían referencia ás súas demarcacións ou ao paso e estancia de viaxeiros. Dividido en seis etapas tres xornadas desde A Coruña e cinco desde Ferrol- os camiños conflúen nunha pequena aldea de Bruma. A ruta A Coruña-Santiago conta con 74 km de percorrido mentres os tramos Ferrol-Santiago suman 118 km. Trátase dunha ruta de marcado carácter costeiro, tamén rural e interior.

Non só os peregrinos ingleses optaban por iniciar as rutas desde as costas coruñesas cara a Santiago de Compostela. En realidade, o coñecido como Camiño Inglés, coas súas variantes desde A Coruña ou Ferrol, era no alto e baixo medievo un compendio de itinerarios percorridos por devotos ingleses, si, pero tamén escoceses, irlandeses, escandinavos ou flamencos, isto é, do norte e oeste de Europa. Por iso, eran varios os portos de partida e o xogo de entrantes e salintes do accidente que os romanos bautizaron como Magnus sinus Artabrorum, ou golfo Ártabro, constituía en conxunto o punto de arribada das peregrinacións, valéndose daquela, por terra, dos antigos Camiños Reais e outras senllas.

O Camiño de Santiago vaise consolidando co paso dos anos nun dos atractivos turísticos máis importantes de Galicia. Proba diso é que gran parte dos visitantes da Comunidade Autónoma chegaron directa ou indirectamente a través desta ruta de peregrinación milenaria. Constitúe, sen dúbida, unha marca turística de éxito e internacionalmente coñecida e, á súa vez, de prestixio, polo valor que supón acharse incluído na lista de bens Patrimonio da Humanidade.



Hai que destacar que se conseguiu diversificar así o produto Camiño de Santiago, valorizando outras áreas do territorio galego e distribuíndo de mellor xeito as rendas producidas por este produto turístico.

Ademais, un dos aspectos crave á hora de dar a coñecer o Camiño tanto a nivel nacional como internacional foron as diversas campañas de comunicación e promoción desenvolvidas respecto diso.

Noutro sentido, en moitos municipios, o interese e a implicación da Administración pública e da iniciativa privada permiten a posta en valor do Camiño de Santiago converténdoo nun recurso referente e principal do seu sector turístico.

A súa condición de produto turístico, que leva asociados numerosos servizos, fai que sexa tamén un fenómeno económico que xera rendas e empregos así como un instrumento de desenvolvemento rexional capaz de revitalizar os lugares que atravesa.

Un dos obxectivos explícitos do desenvolvemento turístico por parte das administracións é a creación de fontes de ingresos adicionais e postos de traballo para a poboación local. Para a estrutura económica é importante unha diversificación das actividades produtivas de acordo co deseño dun produto turístico que integre aloxamentos, actividades complementarias, produtos agroalimentarios e artesanía. As accións do desenvolvemento turístico, por exemplo a través dos investimentos en infraestruturas, tamén poden contribuír a unha mellora das condicións socioeconómicas da poboación residente e repercutir no non-despoboamento, producindo unha estrutura demográfica máis equilibrada.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Propoñer á Deputación da Coruña que leve a cabo con carácter inmediato o desenvolvemento dun proxecto que teña como obxectivo a revalorización da ruta xacobeá coñecida como "Camiño Inglés" que atravesa a provincia ata a cidade de Santiago de Compostela.
2. Desenvolver un plan de promoción turística, cultural e socioeducativa da Ruta Xacobeá coñecida como "Camiño Inglés" no seu percorrido polo termo municipal de Compostela, en coordinación coa Deputación Provincial da Coruña e cos Concellos concernidos e en colaboración coa Asociación de Amigos do Camiño de Santiago. Este plan contemplará aspectos relixiosos, culturais e turísticos desde parámetros de excelencia, turismo responsable e accesibilidade.
3. Propoñer á Xunta de Galicia para que se establezan programas de cooperación transfronteriza entre o Goberno da Xunta e o Reino Unido así como cos países nórdicos, co fin de promocionar o "Camiño Inglés" a Santiago de Compostela, nas súas variantes desde A Coruña e desde Ferrol."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que esta moción si afecta a Fene.

A continuación intervén o alcalde que dille ao voceiro socialista que dentro das súas competencias está a de ordenar os plenos e quere deixar as cousas nos seus xustos termos. Dille que se non comprobou o contido da moción anterior é o seu problema.

Seguidamente o alcalde concédelle a palabra ao voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que a moción afecta ao Concello de Fene e consiste en implicar a outras Administracións, á Deputación Provincial da Coruña, na promoción dun recurso importante que é o camiño de Santiago de Compostela. Ven que hai outras rutas xacobeas, como é o camiño portugués, que teñen unha promoción por parte das administracións polos que pasa e que ven como aumenta o tránsito de peregrinos que o usan. Por iso piden que se poña en valor o camiño inglés ademais do que faga a Xunta de Galicia.



A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que toda promoción turística parécelle apropiado e por iso votarán a favor.

Seguidamente fai uso da palabra á voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que anuncia o voto favorable por considerar axeitado todo o que sexa promocionar o Concello.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que entenden a preocupación do voceiro do grupo municipal socialista pero dille que nesta ocasión chega tarde, por iso van votar en contra. Chega tarde porque precisamente dende a Deputación estase traballando nisto xa que todas as rutas xacobeas rematan na provincia da Coruña e a Deputación Provincial da Coruña está potenciando esta ruta do camiño inglés. Estase elaborando unha guía turística editada en castelán e inglés. Tamén vai asinar un convenio coa asociación "Tesouros de Galicia" para crear unha serie de bolsas e adjudicar mediante a sinatura de convenios coa Universidade da Coruña e de Santiago. Búscase planificar o percorrido involucrando ás entidades locais e ás asociacións, planificar distintas visitas, potenciar aqueles lugares de maior interese do camiño inglés e promocionar os tramos do camiño no territorio británico. Outra das campañas que se acaba de iniciar é, co investimento da Fundación Amancio Ortega, a plantación de 1500 árbores que servirá para sinalizar o que sería percorrido do camiño. Por todo isto non poden votar a favor, non por non compartir a moción senón porque xa se está a facer.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que quere puntualizar que cando se planten os árbores en Fene que teñan coidado, a ver se non se talan. Se o PP está de acordo coa moción pídelles que a voten a favor. Oxalá se poña en marcha todo o que a voceira do PP acaba de dicir e se poñan en marcha recursos no concello como pode ser unha rede de albergues ou sinalización equiparables a outros camiños.

Seguidamente fai uso da palabra á voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que lle pregunta á voceira do grupo municipal do PP porque a guía que dixo non se publica en galego?, parécelle que a publicación en galego é un bo xeito de promoción.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que instar a unha institución a facer algo que xa está a facer é unha redundancia. Tamén hai outra opción, que o grupo municipal do PSOE, logo de recibir esta información poida retirar a moción.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

- 1. Propoñer á Deputación da Coruña que leve a cabo con carácter inmediato o desenvolvemento dun proxecto que teña como obxectivo a revalorización da ruta xacobeá coñecida como "Camiño Inglés" que atravesa a provincia ata a cidade de Santiago de Compostela.**
- 2. Desenvolver un plan de promoción turística, cultural e socioeducativa da Ruta Xacobeá coñecida como "Camiño Inglés" no seu percorrido polo termo municipal de Compostela, en coordinación coa Deputación Provincial da Coruña e cos Concellos concernidos e en colaboración coa Asociación de Amigos do Camiño de Santiago. Este plan contemplará aspectos relixiosos, culturais e turísticos desde parámetros de excelencia, turismo responsable e accesibilidade.**
- 3. Propoñer á Xunta de Galicia para que se establezan programas de cooperación transfronteriza entre o Goberno da Xunta e o Reino Unido así como cos países nórdicos, co fin de promocionar o "Camiño Inglés" a Santiago de Compostela, nas súas variantes desde A Coruña e desde Ferrol.**

10. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG contra o desmantelamento do 065 do Servizo Galego de Transporte Adaptado



Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con logo de obter 4 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade realizada o 28.03.2014:

“Manuel Polo Gundín Concelleiro do BNG no concello presento ao abeiro da lexislación vixente a seguinte Moción:

CONTRA O DESMANTELAMENTO DO 065 DO SERVIZO GALEGO DE TRANSPORTE ADAPTADO EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo Galego de Transporte Adaptado (065), que atende as persoas con discapacidade e dependentes, foi instaurado por iniciativa do BNG no goberno bipartito da Xunta de Galiza e constituíu o primeiro transporte adaptado público de todo o Estado español.

A partir do acceso do PP ao goberno da Xunta de Galiza, este servizo básico, bautizado como Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065) comezou a sufrir un deterioro constante que ten a súa culminación na decisión da Xunta de deixar de prestar o servizo para o traslado diario ou semanal das persoas dependentes aos centros onde van ser atendidas nas súas terapias.

Este feito, xustificando polo PP con base nunha pretendida racionalización e eficacia, tradúcese simplemente no desmantelamento do servizo do 065, para non atender o desprazamento regular de persoas dependentes nin para garantir a mobilidade das persoas con maiores dificultades. En cambio, non teñen reparo en crear para o Consorcio de Benestar un transporte propio para as persoas usuarias dos seus centros.

Isto é outro paso na eliminación dos programas e servizos de dependencia e benestar que sufrirán novamente as persoas máis débiles, neste caso as que teñen maiores dificultades para se trasladaren e poder recibir atención como consecuencia do seu estado.

Ademais, a decisión do goberno do PP vai provocar unha perda importante de postos de traballo. De feito, o novo concurso para contratar o servizo na comarca de Ferrolterra, en Verín, O Barco de Valdeorras, Vigo e Pontevedra, ficou deserto, o que provoca a suspensión a partir do 8 de marzo de 2014, un proceso que afecta, por exemplo, a 14 traballadoras e traballadores, no caso de Ferrolterra.

Por este motivo o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Paralizar o desmantelamento do Servizo do transporte adaptado do 065.
2. Garantir o desprazamento regular das persoas dependentes e a mobilidade das persoas con maiores dificultades.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que xa hai novidades respecto da moción xa que quedou deserto o concurso agás o da zona de Valdomiño que foi adxudicada a unha empresa portuguesa, que cos salarios portuxeses puido adaptarse ao orzamento xa que as demais zonas quedaron desertas por non ser rendibles para as empresas. Isto provocou que o servizo se prorrogase ata o 30.04.2014. A eliminación deste servizo suporá que moitos usuarios teñan que renunciar tamén aos seus tratamentos por non poder desprazarse. Hai que ter en conta que se está a falar de Galicia e aquí a dispersión xeográfica fai imprescindible que a xente teña un medio de transporte, máis no caso dos dependentes que teñen que ter axuda da Administración para poder desprazarse. O lote número 8 correspóndese coa zona de Ferrol e concretamente en Fene vai haber veciños afectados. Nesta zona traballan 14 persoas en 6 vehículos adaptados. O servizo o levaba unha UTE, unha empresa pon os microbuses e outra as persoas, moitas con minusvalías, que traballaban neles. Por tanto a desaparición do servizo afectará a centos



de persoas de Ferrolterra dos 21 concellos, tamén porque se vai reducir o persoal de apoio. Todo isto é motivo máis que suficiente para pedir que os recortes non afecten aos de sempre.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que están a favor da moción, que ten un contido semellante á presentada polo seu partido o mes pasado. O anterior goberno da Xunta de Galicia puxo en marcha unha medida moi importante para moitos galegos dependentes que non podían saír e circular con certa liberdade e comodidade máis aló do seu propio domicilio coa posta en marcha do servizo do 065, que non é excesivamente caro e nada caro en comparanza cos beneficios sociais que reporta, que é tanto como darlles autonomía a persoas que non a teñen ou ben a teñen dificilmente. Non entende que a Xunta de Galicia estea a adoptar medidas de privatización ou supresión, cando se esixe determinados ratios ou condicións para prestar servizos que suporá a supresión do servizo en determinados puntos. Esta política supón que cada un se apañe co que teña e supón o mirar para outro lado. Pensa que este non é un problema menor, é un problema grave que afecta a milleiros de persoas de Galicia e concretamente a veciños de Fene.

Seguidamente fai uso da palabra á voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que votará a favor da moción por entender que a supresión do servizo é dos peores recortes que leva feito o PP. Este servizo viña dando mobilidade aos dependentes sen recursos e logo dos recortes que se fixeron pasouse de 120 a 44 vehículos e de 14 a 7,8 millóns anuais. Ademais do prexuízo que supón aos usuarios tamén hai que ter en conta o que suporá a perda de postos de traballo. É un recorte que afecta a dependentes e aos traballadores.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que o voceiro do grupo municipal socialista lembrou a moción que presentaron hai pouco e a postura do seu grupo será igual que daquela. Estase tratando facer un procedemento de contratación do servizo do 065 e lembra que xa pasaron os 5 anos previstos no anterior contrato, polo que trátase de facer a regularización deste contrato. Os contratos ás veces quedan desertos e non precisamente porque a contía sexa inadecuada ou estea mal calculada. O servizo do 065 xorde co bipartito da Xunta de Galicia pero cunha fundamentación e cunha base que era o de cubrir os usos puntuais daquelas persoas que tivesen discapacidades e non puidesen usar o transporte ordinario. Tamén hai que ter en conta as queixas que se viñan dando do servizo, non precisamente por cuestións económicas, se non por facer un uso non axeitado do servizo. Entende que non se está desmantelando o servizo porque hai 13 millóns de euros que están blindados a este servizo. Dende o ano 2009 o gasto social da Comunidade Autónoma estase incrementando. Hai que ter en conta que o prego desta contratación parte dunha comisión de expertos non políticos no que están representados os usuarios. Esta é a proposta da Xunta de Galicia, é unha proposta estudada e entende que a preocupación non pode ser a económica, xa que os cartos están aí, están blindados e son maiores que antes.

De seguido fai uso da palabra voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di respecto das condicións económicas que pensa que si vai ser un problema, así redúcese prezo por quilómetro, cando sube a gasolina, e tamén elimínanse os acompañantes. Respecto do mal uso salienta que iso é a responsabilidade de quen manda, se o uso estase facendo mal a Xunta é quen ten que controlar o servizo e non por iso, quitarllo a todos. O orzamento está blindado, si, pero estase desviando ao transporte dos propios centros da Xunta, que non é o obxectivo final do 065. Na Comarca de Ferrol todas as asociacións de usuarios minuválidos están en contra da redución do servizo.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que todos os usuarios cos dereitos recoñecidos con anterioridade este dereito o van manter intacto. As queixas que se viron nos xornais antes disto non eran de movementos asociativos que teñen o seu transporte regular se non que viñan dos usuarios que utilizaban o servizo puntualmente e que cando chamaban ao 065, este xa tiña previsto as súas rutas.

Seguidamente o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que entendeu que dixera que a Xunta de Galicia negociou coas asociacións.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di se referiu a que a Xunta falou coas asociacións e que na comisión estaban representados os usuarios do 065.



Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Instar á Xunta de Galiza a:

- 1. Paralizar o desmantelamento do Servizo do transporte adaptado do 065.**
- 2. Garantir o desprazamento regular das persoas dependentes e a mobilidade das persoas con maiores dificultades.**

11. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da proposta da alcaldía de aprobación do Convenio de colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferro e os concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo

Consta no expediente o informe de secretaría do 25.03.2014, que copiado di:

“INFORME DA SECRETARÍA

ASUNTO: Acordo relativo ao “Convenio de colaboración entre a mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol e os Concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo”.

ANTECEDENTES:

O 25.03.2014 o alcalde do Concello de Fene da entrada no concello o “Convenio de colaboración entre a mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol e os Concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRO.- O Real decreto legislativo 3/2011 polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público exclúe do seu ámbito de aplicación “*Los convenios de colaboración que celebre la Administración General del Estado con las entidades gestoras y servicios comunes de la Seguridad Social, las Universidades Públicas, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales, organismos autónomos y restantes entidades públicas, o los que celebren estos organismos y entidades entre sí, salvo que, por su naturaleza, tengan la consideración de contratos sujetos a esta Ley*” (artigo 4.1.c). Estes convenios rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios do Real decreto legislativo 3/2011 para resolver as dúbidas ou lagunas que puideran presentarse (artigo 4.2).

A Lei 30/1992 do réxime xurídico das Administracións públicas e o procedemento administrativo común, dedica o seu Título I ás Administracións públicas e as súas relacións establecendo no artigo 9 “*Las relaciones entre la Administración General del Estado o la Administración de la Comunidad Autónoma con las entidades que integran la Administración Local, se regirán por la legislación básica en materia de Régimen Local, aplicándose supletoriamente lo dispuesto en el presente Título*”.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) foi recentemente modificada pola Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. O artigo 57 sinala “1. La cooperación económica, técnica y administrativa entre la Administración local y las Administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter voluntario, bajo las formas y en los términos previstos en las leyes, pudiendo tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o los convenios administrativos que suscriban. De cada acuerdo de cooperación formalizado por alguna de estas Administraciones se dará comunicación a aquellas otras que, resultando interesadas, no hayan intervenido en el mismo, a los efectos de mantener una recíproca y constante información. 2. La suscripción de convenios y constitución de consorcios deberá mejorar la

eficiencia de la gestión pública, eliminar duplicidades administrativas y cumplir con la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera. 3. La constitución de un consorcio solo podrá tener lugar cuando la cooperación no pueda formalizarse a través de un convenio y siempre que, en términos de eficiencia económica, aquélla permita una asignación más eficiente de los recursos económicos. En todo caso, habrá de verificarse que la constitución del consorcio no pondrá en riesgo la sostenibilidad financiera del conjunto de la Hacienda de la Entidad Local de que se trate, así como del propio consorcio, que no podrá demandar más recursos de los inicialmente previstos”.

A Lei 5/1997 de Administración local de Galicia (LALGA) di no seu artigo 187 “Las Administraciones Públicas gallegas ajustarán sus relaciones a los principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación y respeto a los correspondientes ámbitos competenciales, garantizándose la máxima eficacia en la gestión administrativa [...]” e no artigo 198 “1. La Junta de Galicia y las Entidades Locales podrán celebrar Convenios de cooperación entre sí para la más eficaz gestión y prestación de servicios de su competencia [...]”.

Como se dixo, é de aplicación supletoria o réxime previsto na Lei 30/1992 establecendo no artigo 6 “1. La Administración General y los Organismos públicos vinculados o dependientes de la misma podrán celebrar convenios de colaboración con los órganos correspondientes de las Administraciones de la Comunidades Autónomas en el ámbito de sus respectivas competencias.

2. Los instrumentos de formalización de los convenios deberán especificar, cuando así proceda:

- a) Los órganos que celebran el convenio y la capacidad jurídica con la que actúa cada una de las partes.
- b) La competencia que ejerce cada Administración.
- c) Su financiación.
- d) Las actuaciones que se acuerden desarrollar para su cumplimiento.
- e) La necesidad o no de establecer una organización para su gestión.
- f) El plazo de vigencia, lo que no impedirá su prórroga si así lo acuerdan las partes firmantes del convenio.
- g) La extinción por causa distinta a la prevista en el apartado anterior, así como la forma de terminar las actuaciones en curso para el supuesto de extinción”.

Mediante o presente convenio acódese á encomenda de xestión, a cal se encontra regulada no artigo 15 da Lei 30/1992 que establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outras administracións cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño. A encomenda de xestión non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade da Entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico den soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

Pola súa parte, o artigo 15.4 da Lei 30/1992, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

SEGUNDO.- Servizo obxecto do convenio

O servizo local obxecto do convenio de colaboración é a xestión do punto limpo.

O artigo 26 da Lei 7/1985 sufriu unha importante modificación coa Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da Administración Local. Deste xeito, o tratamento de residuos sigue constando como un servizo que os municipios de máis de 5.000 habitantes deben prestar en todo caso. Non obstante, o dito servizo deixou de ser unha competencia “absoluta” nos municipios de menos 20.000 habitantes para configurarse como unha competencia “relativa” no senso de estar a expensas, en canto a súa prestación, ó disposto pola Deputación provincial correspondente. Así, nos municipios de menos de 20.000 habitantes o servizo de tratamento de residuos, entre outros servizos, debe ser coordinado pola Deputación provincial de xeito que debe propoñer a forma de prestación, consistente na prestación directa pola Deputación ou a implantación de fórmulas de xestión compartida a través de consorcios, mancomunidades ou outras fórmulas. So cando o municipio xustifique ante a Deputación que pode prestar estes servizos con un coste efectivo menor que o derivado da forma de xestión proposta pola Deputación provincial ou entidade equivalente, o municipio poderá asumir a prestación e coordinación destes servizos se a Deputación o considera acreditado.

Polo sinalado, a forma de prestación do servizo debe ser determinada pola Deputación provincial da Coruña. A dita determinación non foi aínda realizada. É competencia da Deputación provincial da Coruña a determinación da forma de prestación do servizo (pola Deputación directamente ou coa implantación de fórmulas de xestión compartida a través de consorcios, mancomunidades ou outras fórmulas) da xestión do punto limpo polo que non procede a sinatura do convenio que se informa.

TERCEIRO.- Contido do convenio.

Tendo en conta o sinalado no punto segundo analízase someramente o contido do convenio.

- Acordo I e III. Sinálase que os Concellos de Cabanas e Fene, como titulares das instalacións do punto limpo de Vilar do Colo, encomendan á Mancomunidade a xestión do Punto Limpo de Vilar do Colo. Pola súa parte, os Concellos de Ares e Mugardos configúranse como usuarios do servizo. Non se entende esta distinción por canto os catro concellos realizan propiamente unha encomenda do servizo na Mancomunidade.

- Acordo II e VIII. Sinálase que a Mancomunidade será a encargada de tramitar o expediente de contratación e velar polo cumprimento do contrato. Así mesmo, no borrador dos pregos dise que os servizos contratados estarán suxeitos á inspección e vixilancia polos medios que dispoña a Mancomunidade (7.3). Por contra, no convenio tamén se sinala que os Concellos de Cabanas e Fene como titulares do punto limpo son responsables da supervisión do servizo incluíndo o mantemento das instalacións (que é unha obriga propia do adxudicatario na execución do servizo, 4.2) e a tal efecto cada un dos concellos designará un técnico para a dita labor. Non queda claro quen é o encargado de supervisar a execución do servizo e coa redacción actual existiría una duplicidade. Tratándose dunha encomenda de xestión do punto limpo á Mancomunidade, a supervisión debe corresponderlle ó encomendado, á Mancomunidade.

- Acordo VIII. Sinálase que a encomenda implica exclusivamente a realización do servizo definido nos pregos anexos a este convenio, e non supón a cesión da titularidade do punto limpo. A realidade é que o punto limpo queda afecto á prestación dun servizo que por medio da encomenda levará a cabo a Mancomunidade a cal debe supervisar, sendo unha das obrigas do adxudicatario o mantemento das instalacións. Así, no punto 4.1 do borrador dos pregos sinálase "A Mancomunidade porá a disposición da empresa a instalación e todos os elementos contidos na mesma. Ao comezo do contrato confeccionarase unha acta co inventario dos elementos aportados, detallando os medios que se dispoñan". Deste xeito, estímase mais conveniente, oportuno e, en definitiva, necesario que se proceda expresamente á adscripción do punto limpo á Mancomunidade conforme ó artigo 17 da Lei 5/2011 do patrimonio da Comunidade autónoma de Galicia (disposición adicional segunda) "[...] para los mismos fines determinantes de la afectación, y sin cambio de la titularidad ni calificación jurídica de los mismos [...] 3. Las normas previstas en los artículos 19, 20 y 21 serán de aplicación en la adscripción a favor de otras administraciones públicas. 4. La entrega de la posesión de los bienes y derechos comprendidos en la adscripción regulada en este artículo se hará constar en la correspondiente acta. 5. Los gastos y tributos que generasen los bienes o derechos objeto de la adscripción serán en todo caso de cuenta de la administración beneficiaria de la misma".

CUARTO.- Competencia para a aprobación do convenio

O presente convenio suporía unha transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas polo que é esixible a maioría absoluta do número legal dos membros do Pleno do Concello (art. 22.2.p) da Lei 7/1985) para adoptar o acordo de aprobación do convenio (artigo 47.2 h da LRRL), polo que os informes da secretaría (que é o presente) e da intervención convértense en preceptivos (artigo 54.1b TRRL e 3.b) do Real Decreto 1174/1987).

CONCLUSIÓN:

Tendo en conta o sinalado no punto segundo e terceiro, infórmase desfavorablemente a aprobación do "Convenio de colaboración entre a mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol e os Concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo".

Debe incorporarse ó expediente o preceptivo informe da Intervención.



Este é o meu informe, salvo mellor opinión fundada en dereito.

Fene 25 de marzo de 2014
O secretario accidental
Fernando Aradas García"

Consta no expediente o informe de intervención do 28.03.2014, que copiado di:

"INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto : Encomenda de xestión a favor da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol do servizo compartido de Punto Limpo e aprobación convenio.

D. Manuel Larrosa Rodríguez, como Interventor en réxime de acumulación do Concello de Fene, de acordo co disposto pola Alcaldía, e de conformidade co previsto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais -ROF-, emito o presente INFORME en relación á encomenda de xestión do servizo compartido de Punto Limpo á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O Pleno da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol na sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2014 aprobou o texto do convenio de colaboración entre a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e os Concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugar dos para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo, as achegas económicas de acordo co estudo de custos do servizo e borrador de pregos de condicións técnicas.

Segundo.- Este Concello, xunto co de Cabanas, Ares e Mugar dos precisa xestionar o servizo do punto limpo de Vilar do Colo de forma compartida. Considerando os medios e as posibilidades económicas con que conta este Concello e os demais Concellos afectados, considerase que a mellor forma de xestionar este servizo público por parte dos mesmos é a encomenda de xestión en base ao artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común a favor da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

PRIMEIRO.- A encomenda de xestión, como técnica a través da cal opera o traslado da execución de competencias desde unha Administración Pública a outras entidades de dereito público, para a realización de actividades técnicas, materiais ou de servizos; ten o seu fundamento en razóns de eficacia administrativa así como na falta de medios técnicos que permitan ao ente público desempeñar unha actividade da súa competencia coa dilixencia e eficiencia debidas sendo a nota característica na mesma a ausencia dunha cesión de titularidade da competencia obxecto de encomenda.

A súa regulación concrétese no artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, do tenor literal que a continuación se transcribe:

«1. A realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou Entidades da mesma ou de distinta Administración, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

2. A encomenda de xestión non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercizo, sendo responsabilidade do órgano ou Entidade encomendante ditar cuantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

3. A encomenda de xestión entre órganos administrativos ou Entidades de dereito público pertencentes á mesma Administración deberá formalizarse nos termos que estableza a súa



normativa propia e, na súa falta, por acordo expreso dos órganos ou Entidades intervincentes. En todo caso o instrumento de formación de encomenda de xestión e a súa resolución deberá ser publicado, para a súa eficacia no Diario Oficial correspondente.

Cada Administración poderá regular os requisitos necesarios para a validez de tales acordos que incluírán, polo menos, expresa mención da actividade ou actividades ás que afecten, o prazo de vixencia e a natureza e alcance da xestión encomendada.

4. Cando a encomenda de xestión realícese entre órganos e Entidades de distintas Administracións formalizárase mediante firma do correspondente convenio entre elas, salvo no suposto da xestión ordinaria dos servizos das Comunidades Autónomas polas Deputacións Provinciais ou no seu caso Cabidos ou Consellos insulares, que se rexerá pola lexislación de Réxime Local.

5. O réxime xurídico de encomenda de xestión que se regula neste artigo non será de aplicación cando a realización das actividades enumeradas no apartado primeiro haxa de recaer sobre persoas físicas ou xurídicas suxeitas a dereito privado, axustándose entón, no que proceda, á lexislación correspondente de contratos do Estado, sen que poidan encomendarse a persoas ou Entidades desta natureza actividades que, segundo a lexislación vixente, haxan de realizarse con suxeición ao dereito administrativo.»

Varias son as notas que, conforme se deriva do precepto de referencia, configuran o instituto xurídico de encomenda de xestión; a saber:

- Poderán constituírse en obxecto de encomenda as actividades que sexan de carácter material, técnico ou de servizos propias da competencia do ente público encomendante.
- Ha de resultar realizada a favor doutros órganos ou Entidades da mesma ou de distinta Administración.
- Non comporta cesión da titularidade sobre a competencia da que é titular o órgano encomendante nin dos elementos substantivos do seu exercizo, sendo responsabilidade daquel ditar cuantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.
- Debe formalizarse nos termos que estableza a súa normativa propia e, na súa falta, por acordo ou convenio expreso dos órganos ou Entidades intervincentes. En todo caso o instrumento de formalización de encomenda de xestión e a súa resolución deberá ser publicado, para a súa eficacia no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. Cada Administración pode regular os requisitos necesarios para a validez de tales acordos que conterán referencias, polo menos, aos seguintes extremos:
 - Mención expresa da actividade ou actividades ás que afecten.
 - Prazo de vixencia.
 - Natureza e alcance da xestión encomendada.

SEGUNDO.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Locais -LRSAL-, establece cales son as competencias propias do municipio para poder levar a cabo a prestación dos diversos servizos públicos que a normativa lle recoñece. Dito artigo 25 da LRSAL establece :

1. El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo.
2. El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:
 - b) Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas.

Á súa vez o artigo 26 da LRLAL establece entre outros como servizo que deberán prestar tódolos Concellos o da recollida de residuos, establecendo dito artigo 26 :

Para coordinar la citada prestación de servicios la Diputación propondrá, con la conformidad de los municipios afectados, al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas la forma de prestación, consistente en la prestación directa por la Diputación o la implantación de fórmulas de gestión compartida a través de consorcios, mancomunidades u otras fórmulas. Para reducir los costes efectivos de los servicios el mencionado Ministerio decidirá sobre la propuesta formulada que deberá contar con el informe preceptivo de la Comunidad Autónoma si es la Administración que ejerce la tutela financiera.

TERCEIRO.- O Acordo Plenario favorable á encomenda debe ser adoptado por maioría absoluta do número legal dos seus membros en aplicación do disposto no artigo 22.2.f) e 22.2 p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Hai que ter presente, neste senso, que mentres o artigo 47.2.h) advirte da necesidade do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación para a adopción de acordos en materias tales como a «transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei impóñanse obrigatoriamente»; o artigo 22.2.f) atribúe ao Pleno a aprobación das formas de xestión dos servizos e o artigo 22.2. p) fai o propio respecto daquelas outras materias non concretadas no precepto de referencia cuxa aprobación requira, en todo caso, unha maioría especial.

Téñase en conta tamén, aos efectos indicados, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra Sala do Contencioso-Administrativo, sec. 1ª, de 22 de decembro de 2003, conforme a cal: «no termo «transferencia de funcións ou actividades» debe incluírse a delegación e encomenda. E iso porque co termo «transferencia de funcións» refírese a Lei a todos os supostos de descentralización administrativa incluíndo tanto a delegación como a substitución ou a denominada xestión ordinaria todos eles suposto incluídos na denominada «transferencia do exercicio da competencia ou de funcións»; por outra banda a referencia a «actividades» permite conectar a transferencia de tales actividades co concepto de encomenda de xestión (que non é senón a atribución a outros órganos ou a outros entes do exercicio de actividades técnicas ou materiais non decisorias).

En consecuencia procede a estimación deste aspecto declarando a necesidade do Pleno ou do órgano superior da entidade local, segundo proceda, mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación respectiva, o que comporta a estimación parcial da demanda neste único aspecto.»

O citado acordo conterá mención expresa aos extremos anteriormente citados, isto é: á actividade ou actividades obxecto de encomenda, prazo de vixencia desta e natureza e alcance e a xestión encomendada.

Ademais, haberán de mediar os trámites seguintes:

- Publicación no Boletín Oficial da Provincia.
- Notificación ao encomendado.
- Certificado de alegacións (novo acordo no seu caso).
- Recepción de aceptación do encomendado.
- Sinatura de convenio encomendante-encomendado.
- Publicación do texto con expresión de recursos.
- Entrada en vigor.

CUARTO.- As implicacións financeiras da encomenda son as derivadas da aportación segundo proporcionalidade da poboación, de 23.241,01 €. Anuais (tomando como referencia o tipo de licitación), sendo necesario dotar a partida correspondente do orzamento 2014, ou no seu caso tramitación e aprobación da correspondente modificación de crédito.

CONCLUSIÓN



Estimáse por esta Intervención procedente a encomenda da xestión do Servizo compartido de Punto Limpo; encomenda que haberá de tramitarse seguindo o procedemento exposto «ut supra» e mediando, por tanto, o correspondente acordo plenario adoptado por maioría absoluta dos seus membros. (Artigos 47 2.h) da Lei 7/1985 en relación co artigo 22.2. f) do mesmo texto legal cando o obxecto de encomenda constitúao a xestión dun servizo público ou, noutro caso, por disposición do previsto no artigo 22.2 p) da citada Lei 7/1985,

Asi mesmo este funcionario adhírise ás observacións efectuadas pola Secretaría no seu informe de 25 de marzo do 2014; debendo ditas observacións ser obxecto de corrección/subsanación no correspondente convenio e pregos de condicións.

Na súa virtude, á vista de canto antecede, o funcionario que suscribe informa que procede a encomenda proposta á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, previos os trámites de corrección/subsanación advertidos no informe da Secretaría.

É o que se informa, sen prexuízo de calquera outra opinión mellor fundada en Dereito.

En Fene a 28 de marzo de 2014.
O Interventor acumulado,
Asdo. Manuel Larrosa Rodríguez.”

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 25.03.2014, con rexistro de entrada 2668/2014, o alcalde do Concello de Fene presenta o “Convenio de colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferro e os concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugar dos para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo”.

O 26.03.2014, con rexistro de entrada 2735/2014, a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol achega certificado do acordo, estudo de custos e o borrador dos pregos técnicos.

Logo de ver os informes da secretaría do 25.03.2014 e o informe da intervención do 28.03.2014, propónselle ao Pleno do Concello que acorde:

Primeiro. Aprobar o “Convenio de colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferro e os concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugar dos para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo”, que se transcribe a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL E OS CONCELLOS DE ARES, CABANAS, FENE E MUGARDOS PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO

Ferrol, ___ de _____ de 2014

A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e no seu nome e representación o seu presidente, D. José Manuel Rey Varela, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

O concello de Ares e no seu nome e representación o seu alcalde-presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

O concello de Cabanas e no seu nome e representación o seu alcalde-presidente, D. Germán Castrillón Permuy.

O concello de Fene e no seu nome e representación o seu alcalde-presidente, D. Gumersindo Pedro Galego Feal

O concello de Mugardos e no seu nome representación o seu alcalde-presidente, D. Xosé Fernandez Barcia.

Todos eles facultados polas mesmas disposicións legais

EXPOÑEN

Que o artigo 26.1.b) da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local establece que os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes deberán prestar o servizo de tratamento de residuos. Así o dispón igualmente o artigo 81 da Lei de administración local de Galicia.

Que o artigo 4º dos estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol establece que a Mancomunidade terá como fins o desenvolvemento das competencias locais en xestión dos residuos sólidos urbanos e outros residuos inertes, entre outras materias.

Que o artigo 57 da citada lei 7/85 permite a cooperación entre as administracións públicas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, e que se desenvolverá con carácter voluntario, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Que o artigo 15 da Lei 30/92 establece que a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou entidades da mesma ou de distinta Administración, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño, materializándose mediante a firma do correspondente Convenio.

Que o artigo 103 da Constitución establece que as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, debendo así pois os entes locais prestar aos seus cidadáns uns servizos de calidade, e optimizando e racionalizando os medios e recursos existentes e dispoñibles para tal fin.

Polo anteriormente exposto, as partes relacionadas no encabezamento, de acordo cos principios de colaboración, cooperación e coordinación aos que deben de axustar a súa actuación as administracións públicas galegas; coa fin de dotar aos seus cidadáns dun axeitado servizo de recollida de residuos no Punto Limpo situado no municipio de Fene, coa conseguinte racionalización do seu custe, e en exercicio das competencias que lles son propias, recoñécense plena capacidade para levar a cabo a formalización do presente convenio conforme os seguintes:

ANTECEDENTES

Os concellos de Cabanas e Fene son titulares dun Punto Limpo no Polígono Industrial de Vilar do Colo, situado na rúa F, parcela H2, dentro do termo municipal de Fene, infraestrutura construída pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre terreos pertencentes a ambos concellos, e entregada aos devanditos concellos en decembro de 2013.

Os concellos de Ares e Mugardos non dispoñen de instalacións para prestar aos seus cidadáns o servizo de punto limpo.

A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol actúa como instrumento de colaboración dende o que se promoven e vehiculan distintas fórmulas para o desenvolvemento conxunto de proxectos ou a prestación de servizos compartidos.

Os concellos de Cabanas, Ares, Fene e Mugardos acordaron no Pleno da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol establecer de forma conxunta o servizo de punto limpo nas referidas instalacións de Vilar do Colo.

Á vista de canto antecede, as partes asinantes,

ACORDAN

- I. Os concellos de Cabanas e Fene, como titulares das instalacións do punto limpo de Vilar do Colo, encomendan á Mancomunidade a xestión do Punto Limpo de Vilar do Colo.
- II. A Mancomunidade tramitará o expediente administrativo de contratación do servizo e velará polo cumprimento do contrato descrito no borrador de pregos anexo ao presente convenio, cuxo tipo de licitación ascende a 48.048,00 €/ano, cunha duración de catro anos prorrogable como máximo por outros dous.
- III. Os concellos de Ares e Mugardos serán usuarios do servizo e contribuirán ao seu mantemento nos termos abaixo indicados.
- IV. O servizo será sostido íntegramente polos concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos, de forma proporcional á súa poboación, do que resultan os seguintes importes anuais a partir do tipo de licitación do servizo:

Concello	Poboación (Padrón 2013)	Porcentaxe	Achega
Ares	5801	20,57%	9.884,97 €
Cabanas	3287	11,66%	5.601,08 €
Fene	13639	48,37%	23.241,01 €
Mugardos	5470	19,40%	9.320,94 €
Total	28197	100,00%	48.048,00 €

- V. Coa fin de axilizar a xestión administrativa dos aboamentos das contías que se deben ao adxudicatario do servizo, a Mancomunidade remitirá, unha vez conformadas polos seus técnicos, dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da súa presentación no rexistro, a cada un dos concellos, unha copia das facturas presentadas co fin de que por parte de cada un dos consistorios, no prazo máximo dun mes, se aboe a súa parte proporcional á Mancomunidade, que deberá, pola súa banda, aboar ao contratista no prazo legalmente establecido.

O incumprimento, por parte dun concello, da súa obriga de aboamento da contía correspondente, no prazo anteriormente sinalado, suporá a asunción, pola súa banda, dos danos e perdas económicos que para o contratista e para a outra entidade asinante se poidan irrogar.

Así mesmo, conforme o Art.19.3 dos Estatutos da Mancomunidade, no suposto de que algún concello se atrase no aboamento da cota máis dun trimestre, o presidente da Mancomunidade poderá dirixirse á Comunidade Autónoma para a retención dos fondos do municipio debedor e o seu ingreso na facenda da Mancomunidade, de acordo co disposto no artigo 148 da Lei 5/1997, do 22 de xullo. Transcorrido o devandito prazo sen facerse efectiva a débeda, o presidente da Mancomunidade poderá solicitar do delegado da Administración tributaria da provincia, ou do órgano competente da Xunta de Galicia, o pagamento da contribución do concello debedor con cargo ás participacións en impostos liquidados que lle correspondan.

Os Concellos asinantes comprométense a incluír as respectivas achegas económicas derivadas do presente convenio nos orzamentos municipais para os exercicios afectados.

- VI. Por acordo de todas as partes e mediante o procedemento oportuno, o convenio poderá modificarse para incorporar outros concellos como usuarios do servizo.
- VII. Para o impulso, seguimento e control das actuacións obxecto do presente convenio de colaboración, así como para a interpretación do mesmo, constituirase un Comité de Seguimento coa seguinte composición e funcións:
 1. O Comité de seguimento estará composto por un representante de cada parte. Os membros serán os que designen cada unha das partes ao efecto.



2. O Comité de seguimento realizará as seguintes funcións:
- Comprobar que as actuacións emanadas da aplicación deste convenio se axustan aos obxectivos do mesmo.
 - Resolver as incidencias que xurdan do desenvolvemento do Convenio.
 - Asegurar o adecuado intercambio de información entre as administracións participantes.

O propio Comité determinará as súas normas de funcionamento e periodicidade das súas reunións, poidendo ser convocadas por calquera das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento deste Comité serán de aplicación as normas sobre Órganos Colexiados previstas no Capítulo II do Título II da Ley 30/1992 de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

- VIII. A presente encomenda implica exclusivamente a realización do servizo definido nos pregos anexos a este convenio, e non supón a cesión da titularidade do punto limpo.

Os concellos de Cabanas e Fene, en tanto titulares do punto limpo e administracións encomendantes, son responsables da supervisión do servizo. A estes efectos, cada un destes concellos asignará un técnico que supervisará o desenvolvemento do servizo incluído o mantemento das instalacións, e colaborará activamente coordinándose co persoal da Mancomunidade e o da empresa adxudicataria.

- IX. O presente convenio surtirá efectos dende a data da súa firma e a súa vixencia coincidirá coa do contrato do servizo de xestión do punto limpo.

- X. O presente convenio de colaboración poderá ser modificado, a proposta do Comité de Seguimento, mediante a subscripción do oportuno Acordo de Modificación, formalizado antes da finalización da duración do mesmo.

- XI. Serán causas de resolución anticipada do presente Convenio as seguintes:

- O mutuo acordo das partes que o subscriben
- A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
- O incumprimento, sempre que sexa esencial, de calquera das súas cláusulas.
- A denuncia de unha das partes cun preaviso de tres meses

A resolución enténdese sen perxuízo da indemnización dos danos e perxuízos que corresponda, no seu caso, á parte perxudicada pola resolución.

- XII. O presente convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que xurdan na súa execución serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

- XIII. O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas partes ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, as partes asinan o presente convenio por sextuplicado exemplar e a un so efecto no lugar e data indicados no encabezamento

Pola Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol:	Polo concello de Ares:
Asdo.: José Manuel Rey Varela	Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo
Polo concello de Cabanas:	Polo concello de Fene:

C.I.F.: P-1503600-G

Asdo.: Germán Castrillón Permuy	Asdo.: Gumersindo Galego Feal
Polo concello de Mugar dos:	
Asdo: Xosé Fernández Barcia	

Segundo. Proceder á publicación do convenio no BOP, logo da súa sinatura.

Fene, 31 de marzo de 2014
O alcalde
Gumersindo Pedro Galego Feal"

De seguido o alcalde propón a votación para incluír o asunto na orde do día.

A continuación o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que vai votar en contra. Di que queren que saia canto antes e comece a funcionar pero ven que o informe de secretaría fai observacións e preocúpalle que non quede claro quen é o encargado de supervisar o servizo e a existencia dalgunha duplicidade. Non queren verse involucrados nunha marea legal fronte a calquera responsabilidade polo que solicita que se revise isto e que se traia ao Pleno cunha redacción clara na que todos os extremos desta delegación queden aclarados. Por iso solicita que se retire da orde do día.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que se trata dunha encomenda de xestión por parte de 4 concellos á Mancomunidade, por tanto o punto limpo segue a ser propiedade ao 50% do Concello de Fene e do Concello de Cabanas. Como consecuencia de que este punto limpo ten capacidade para absorber a demanda doutros concellos, Ares e Mugar dos están interesados en usalo. Como os 4 concellos forman parte da Mancomunidade, esta elaborou este convenio tipo que foi aprobado pola Mancomunidade e tamén ten constancia de que o aprobou o pleno de Cabanas, por tanto pensa que a dúbida formulada non é tal, porque o responsable pleno do contrato é a Mancomunidade de Ferrol, á que os 4 concellos lle van chegar a parte correspondente, en proporción á súa poboación. Por tanto a licitación e control o fará a Mancomunidade. Se esta aclaración non vale non ten inconveniente en retirar o asunto da orde do día. En todo caso, esa petición terá que levarse ao pleno da Mancomunidade e que sexa aceptada polos outros concellos, do cal expresa as súas dúbidas.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que logo de agradecer a explicación di que está a favor de que todo o que se poida mancomunar se faga, significa aforrar cartos ao concello e facer máis rendible o servizo e as instalacións. Como o informe por escrito di o que di roga que se redacte dun xeito que quedase máis claro.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que lle acaban de confirmar que Ares e Mugar dos tamén aprobaron o convenio polo que non o vai retirar da orde do día, agás que sexa rexeitada a súa inclusión.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que levan meses e anos pedindo que se poña en marcha o punto limpo. Logo de ver os informes de secretaría e intervención ten moitas dúbidas e céntrase máis no punto segundo que fala do informe ou autorización da Deputación Provincial da Coruña. Mañá fai un ano da presentación dunha moción preventiva que falaba da reforma do anteproxecto de Lei da reforma local, e daquela o voceiro do grupo municipal do BNG dixo que "a reforma non ía solucionar ningún dos problemas dos concellos... quita competencias para evitar duplicidades sen especificar cales son esas competencias". Agora atópanse que dende que se aprobou a lei ocorre isto, por iso o informe ten moito de razón porque a reforma di que quen ten que decidir como se vai explotar isto ten que ser a



Deputación. Se van cometer unha clarísima irregularidade o mellor será retirar isto e pedir ese informe á Deputación para saber se nos autoriza a facelo. Por iso van votar en contra.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que este tema está totalmente salvado, este convenio foi informado polo secretario da Mancomunidade de municipios da ría, secretario do concello de Ferrol, que non veu ningún inconveniente para a súa aprobación. As leis son interpretables e para isto está o persoal xurídico. Isto non é obstáculo ningún e aclara que a vindeira reunión da Mancomunidade vaise realizar antes de que Fene faga as seguintes comisións e o seguinte pleno, por tanto terá que levar algo, teranlle que aportar aquelas solicitudes ou puntos no que non están de acordo para presentalo ante a Mancomunidade para ser modificado, se é o caso de que a Mancomunidade o estime, caso contrario quedará o punto limpo aí porque Fene non o aprobará.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que con coller o informe do secretario basta.

A continuación o alcalde di que o secretario interpreta unha lei e vostedes din que algunhas cousas que van dentro deste convenio pode ser que estean nun suposto de indefinición, polo que quere que llo digan por escrito. Hai que ser serios.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que lle achegará un escrito transcribindo o que di o secretario no informe. Entende que cada un dos concellos terá que informar dende o seu punto de vista e dende o punto de vista do concello de Fene, no sentido que para Fene a vixilancia e control das instalacións pode ser cuestión de indefinición o feito de que se delegue na Mancomunidade no xeito que se está delegando a competencia. Esta aclaración é boa para o concello.

A continuación o alcalde di que precisamente por iso necesita o escrito, polo día de mañá, porque ten que ir á Mancomunidade e terán que dicirlle cales son os peros e as pegas que os grupos políticos lle poñen ao convenio e non as pegas legais que lle poida poñer o secretario. Trátase dunha reunión de alcaldes e non de secretarios. Como se retira da orde do día o punto número 11 relativo ao punto limpo, requírelles formalmente aos grupos políticos, que acaban de manifestar agora a súa intención de non incluílo na orde do día, para que antes do segundo luns de mes que ten que acudir á Mancomunidade, se lle fagan chegar as inquietudes e as matizacións que os grupos políticos queiran introducir neste convenio para que poida presentalo ante o Pleno da Mancomunidade.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que logo de escoitar a encomenda, pregúntalle ao alcalde se lles da liberdade aos grupos políticos para decidir o prazo no que queren facer isto. Di que quere que conste en acta expresamente: "nós, o único que queremos é que se faga o que xa está aquí redactado". Dille ao alcalde que si precisa que transcriba no ordenador o informe do secretario e llo achegue está dentro da súa liberdade de facelo ou non, pero o vai facer.

O alcalde matízalle que presente o escrito coas matizacións que queiran presentar por rexistro de entrada e se considera que non o ten que facer que non o faga.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que non entende moi ben esta situación. Di que os grupos políticos están facendo unha serie de matizacións que xa constan en acta e pensa que con isto xa debía ser suficiente, que se poden ler os informes para que consten na acta.

O alcalde contéstalle que hai que concretar, porque tampouco vai ter aprobada a acta para presentar ante a Mancomunidade.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que está de acordo, pero iso non é un problema tamén da oposición, eles consultaron os informes dende hai 4 días. Iso é un problema do goberno municipal.

O alcalde di que o expediente non se puido levar á comisión informativa pola urxencia no tempo e pódese levar o expediente á vindeira comisión, pero agora estase falando do que vai pasar o vindeiro luns, no que haberá unha reunión na Mancomunidade e o que quere é acurtar prazos. Quere chegar



a esa reunión dicindo que Fene non aprobou o convenio por isto ou aquilo, logo, se o pleno da Mancomunidade o acepta, traerá o convenio modificado, que pasará por comisión e logo polo pleno para aprobar e do mesmo xeito o terán que facer os demais concellos que xa o teñen aprobado. Vostedes deciden, a oposición é quen ten a maioría e non o goberno e se queren non o retiran da orde do día e seguen adiante co asunto.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que hai un informe que di que Fene é un concello de menos de 20000 habitantes e que a Deputación é a competente no tema de residuos, segundo a Lei.

O alcalde matiza que é unha interpretación da Lei.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que é unha interpretación dunha Lei que ven de aprobar o PP e semella que agora a culpa a ten a oposición porque en Madrid, o PP, aprobou esta Lei.

O alcalde dille ao voceiro do grupo municipal do BNG que ten a liberdade de votar en contra.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que se non retira o asunto da orde do día votará en contra da súa inclusión.

O alcalde di que está tratando de consensuar as posicións expoñendo o que vai pasar. Di que o punto limpo xa leva bastante retraso e trata de adiantar o trámite para o vindeiro pleno da Mancomunidade coas matizacións que a oposición queira facerlle ao convenio, por iso llas pide por escrito aínda que xa sabe que non as queren facer e pregúntalle á oposición se ten algún inconveniente en presentarlle as matizacións que queiran facerlle ao convenio por escrito?.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que ningunha pero pensa que é estúpido porque xa vai constar na acta.

O alcalde di que non vai ter a acta aprobada para o vindeiro luns.

O voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, di que o vindeiro luns non se acaba o mundo, máxime cando a obra leva 10 anos e tampouco se pode culpar á oposición de que isto non sae adiante cando esta oposición non foi consultada logo de falar o asunto na Mancomunidade. Tampouco teñen a culpa de ser o último concello da comarca en votar isto e agora semella que como os demais o votaron agora teñan que tragar con isto aquí. Isto non é serio. Dille ao alcalde que debería telos chamado antes, falado co secretario.

O alcalde dille ao voceiro do grupo municipal socialista que non lle está votando a culpa a ningún. Que iso non foi así, que falou na xunta de voceiros e se lle entregou o expediente con moito tempo de antelación, o que non estaban feitos eran os informes de secretaría e intervención.

O voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, di que a súa posición baséase nos informes, así o informe de intervención di que se adhire ás observacións efectuadas pola secretaría no seu informe de 25.04.2014 debendo ditas observacións ser obxecto de corrección ou subsanación no correspondente convenio e pregos de condicións. Así que cando se faga isto, cando se corrixa, non terán ningún problema en votalos. Di que quere que se faga ben para evitar que o día de mañá haxa problemas.

Seguidamente fai uso da palabra á voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di comparte o manifestado e non é certo que se lles facilitase o convenio con moita antelación, ela recibiu o luns.

O alcalde dille á voceira do grupo mixto municipal que conte a verdade xa que vostede non asistiu á Comisión onde se entregou o convenio. O luns, na Xunta de Voceiros, entregoulle unha copia.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, di que os informes que serven de referencia se lles facilitaron o luns e non é de recibo o que está a pasar no concello, ultimamente con moita frecuencia, que é que se están dando as cousas o luns para o xoves levando cousas case que sen mirar e tendo que aprobar a urxencia, así logo veñen as correccións de erros.



Logo de levar tanto tempo para aprobar o punto limpo entende que uns días máis non é unha perda de tempo. A oposición está interesada en que isto se aprrobe isto, pero ben.

A continuación intervén o alcalde que anuncia a retirada do punto da orde do día logo de ver as manifestacións feitas polos grupos políticos e proponlles que, se teñen a ben, lle acheguen as matizacións que queiran facerlle ao convenio antes do segundo luns do mes para que as poida presentar no Pleno da Mancomunidade.

12. Mocións urxentes

De seguido intervén o alcalde que aproveita este punto para dar conta do escrito presentado polo grupo político municipal do BNG relativo á redistribución dos membros das Comisións informativas permanentes e ao nomeamento de voceiro do grupo municipal, polo que os concelleiros danse por informados.

Non se presentan mocións urxentes.

13. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Está resolto o amaño da electricidade do campo de fútbol dos Pinares co Círculo de Perlío?

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente di que a semana pasada aprobouse o expediente de modificación de crédito e agora estase traballando no procedemento axeitado de contratación e pensa que antes da semana santa poden ter xa o adxudicatario.

- En relación co asfaltado e reparación da rúa da Fraga o Pleno aprobou o mes pasado unha moción do seu grupo e quere saber se houbo algún contacto coa Deputación Provincial da Coruña, se hai algunha previsión do que se vai facer, cando e sobre todo como, se vai ser un rebacheo, un arranxo en tramos ou no seu conxunto.

Contesta o alcalde que di que o acordo plenario achegouselle á Deputación e dende a alcaldía fíxose algunha xestión, así a vindeira semana irá a Vías e Obras da Deputación e espera saber algo ao respecto. Reitera que a Deputación tiña a idea de cortar por largo e encher ao longo.

- Na Xunta de Voceiros deste luns se lles dixo que se ían expropiar terreos para acometer a obra dos pasos da vía férrea en Perlío, logo de 3 anos esperando a que se faga o paso soterrado na Estación e o elevado no Cruceiro segundo o que xa deixou asinado o anterior goberno municipal con Fomento. Di que esta obra é fundamental para o seu grupo, que Fomento leva con 2 millóns de euros gardados para acometela e que temen que en calquera momento se poidan perder. Por iso pregunta se xa está decidido quen vai facer a expropiación, o Concello ou o Ministerio de Fomento, e cando se vai facer?.

Contesta o alcalde que si pasaron 3 anos e que máis quixeran que telos xa feitos e funcionando. Na Xunta de Voceiros se deu información puntual dos pasos que se ían seguindo e do problema de fondo que existía. Unha vez esclarecido o problema fundamental que era quen era o titular dun entresolo que tería que prestar autorización no caso que se procedese a ceder a parte traseira dese edificio, que no seu día quedou sen ceder ao concello, que foi obxecto dunha execución hipotecaria e que parece ser que hoxe en día forma parte da inmobiliaria do Banco Sabadel, que a pesar dos correos electrónicos que lles achegou, insisten en que non o teñen en carteira. O que si se fixo foi facer o replanteo do paso subterráneo por parte do enxeñeiro municipal para ver se podía obviar a expropiación dun cacho de terreo dun veciño, que xa manifestou que non o ía ceder baixo ningún concepto, pero é imposible e por tanto vanse comezar os trámites de expropiación por parte de Adif. En relación cos cartos, manifestáronlle que se asinou un convenio sen dispoñibilidade de terreos e sen dotación orzamentaria, se ben é un convenio aberto e isto non é obxecto para que non se levase adiante, palabras textuais do que lle dixeron os técnicos de Adif.

O voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, di que o da dispoñibilidade dos terreos é certo, que o convenio di que o concello aportará os terreos e que Adif fará a obra. Respecto dos cartos daquela os había, así no 2011 fíxose o peche da vía.

- ¿Hai algunha novidade respecto da tala dos carballos en Magalofes?, ¿sábese xa quen deu a orde de abrir a parcela para cortar as árbores?.



Contesta o alcalde que hoxe mesmo o Xulgado de instrución núm. 1 de Ferrol notificoulle ao concello que no procedemento abreviado 243/2014 procédese ao sobreseimento provisional e ao arquivo destas actuacións, sen prexuízo das accións civís que puidesen corresponder. Infórmalles que se deu instrucións a un letrado para que presente un recurso de reforma contra este auto de arquivo e que lles facilite copia das actuacións, que cando as teña, llas facilitará á oposición.

- ¿Hai previsión para expoñer aos veciños e ás asociacións o PXOM?. Di que levan tempo insistindo que isto é preciso antes de que veña ao Pleno para a súa aprobación inicial.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente di que xa contestou no pleno pasado e que se mantén no mesmo sentido. Dixo que se lle ía dar un impulso e o están facendo. A súa idea é presentalo nas parroquias, non en todas as asociacións senón que xuntando as asociacións de cada parroquia antes de que veña ao pleno. Cando teñan o informe dos redactores do Plan respecto dos cambios normativos e o propio informe do técnico municipal volverán xuntarse cos grupos políticos.

Neste momento abandona a sesión a concelleira Inés Roca Requeijo.

- ¿Ten o alcalde algunha novidade respecto da participación de Navantia Fene na construción dos floteis anunciado?.

Contesta o alcalde que non ten coñecemento de nada ao respecto e pensa que tampouco llo ían dicir.

- ¿Hai algunha novidade respecto da Xunta de Galicia en relación co abastecemento de auga para Magalofes e para a rede de sumidoiros de San Marcos e a parte alta de Sillobre?.

Contesta o alcalde que as cousas están no punto no que quedaron, non hai terreos. Pódelle dicir que onte produciuse unha sentenza do TSX de Galicia no que o señor ao que lle encomendaron que lles comprase eses terreos para logo venderllos ao Concello e que pretendeulle cobrar ao concello os gastos de medición foi estimado, e a aquel señor non se lle vai pagar aquela factura que lle ían pagar por medir o seu propio terreo. Estase sen terreos para facer estas actuacións.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que a mellor proba de que non se ía pagar aquela factura é que non está pagada.

- ¿Hai algunha novidade respecto da obra do río Cádavo en Perlío por parte da Xunta de Galicia?.

Contesta o alcalde que de momento non teñen ningunha nova. Sabe que está para presentarse o proxecto pero que aínda non se lle presentou. En relación coa obra xa se lles expuxo o que Augas de Galicia ía facer, di que o orzamento está próximo aos 600000 euros.

- Roga que se atendan as cuestións do mes pasado, xa que agás o asfaltado da avenida das Pías non se fixo nada do solicitado.

- Roga que se controle a aparición de ratas en distintas zonas do concello, concretamente no parque Lineal do río Cádavo en Perlío ou no centro de San Valentín.

- Roga que se controlen os cans e as deposicións destes tanto no paseo de San Valentín como noutras zonas do concello.

- Roga, en relación coas árbores, que se poden as que poidan orixinar problemas aos veciños e que as talas que se fagan contén cun informe técnico por parte dos técnicos municipais.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Que información hai e estase solucionado a xestión do contrato de limpeza do centro de saúde de Fene que leva tempo que hai queixas?.

Contesta o alcalde dicindo que ao concello non chegou ningunha queixa pero preguntará.

- ¿Que día e onde presta servizos a empresa de servizos catastrais que se contratou hai pouco?.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente di que a empresa que se contratou ven todos os mércores de 9.00 a 13.00 h. á Casa do concello no primeiro andar.

- ¿En que situación se atopa a prestación dos servizos da axuda no fogar, quen o está presentado e como se arranxou?.

Contesta o alcalde dicindo que o expediente de contratación está na secretaría para consultar, que o servizo foi adjudicado á empresa Socyser e é quen presta o servizo. Houbo un problema respecto da



interpretación dun asunto fiscal e ata que non se resolva este tema seguirá prestando servizos Socyser. O problema foi determinar se a empresa tiña que estar de alta no IAE ou non. Houbo unha resolución que decretou a imposibilidade de contratar co concello de Fene que leva a inscrición nun rexistro e non terá efectividade ata a súa inscrición.

- ¿Se enviou xa algún técnico municipal para a avaliación das palmeiras do paseo de San Valentín?.
Contesta o alcalde que llo dixo o alcalde directamente ao xardineiro verbalmente e que non hai ningunha notificación por escrito.

- Logo de ver o título do Bando da alcaldía respecto da manifestación do 30.04.2014 quere saber, ¿de que ou de quen hai que defender ao naval?. Di que como isto é algo tan abstracto quixera que se concretase.

Contesta o alcalde que di que defender ao naval é tratar de defender traballo para a Comarca.

- Roga, respecto do PXOM, que se lle dea a máxima axilidade, no PXOM anterior iniciouse o trámite en xaneiro do 98, aprobouse inicialmente no 2001 e no 2003 estaba listo. Este PXOM comezouse no 2009 e xa levan 5 anos.

- Recibiron queixas dos veciños de San Valentín respecto das luces do parque que non funcionan dende hai tempo. Roga que se arranxen.

- Roga que se tomen medidas respecto da desratización en San Valentín, di que seguen a recibir queixas logo de que na Comisión informouselles que a desratización xa estaba feita.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación coas palmeiras de San Valentín di que estivo alí onte pola tarde e di que a casa ten dúas dependencias nas que sempre é noite. Por iso é urxente que se faga xa.

Contesta o alcalde que di que dixo que llo encargou ao xardiñeiro pero que tamén vai ir o técnico municipal.

- ¿Quere saber que se vai facer respecto dunha solicitude que presentaron estes mesmos veciños respecto da reordenación do tráfico no contorno do economato?. Roga que lle faciliten unha copia daquela.

Contesta o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez dicindo que cando teña o estudo completo llo facilitará.

- ¿Respondéuselle ao Valedor do Pobo respecto do asunto do veciño de Maniños?.

A concelleira Rocio Aurora Bértoa Puente contéstalle que se de achegará copia do escrito.

- Pediu un informe respecto do estado das instalacións municipais e recibiu só respecto das instalacións deportivas, polo que roga que se lle facilite o que falta.

Contesta a concelleira Rocio Aurora Bértoa Puente preguntándolle a que se refire exactamente. A concelleira María Carmen Martínez Rodríguez dille que de todas as instalacións municipais, seguidamente a concelleira Rocio Aurora Bértoa Puente dille que se é así vai levar moito tempo, que só hai 3 técnicos na área de urbanismo polo que dille que se considera que hai algunha instalación que é máis urxente que llo faga saber para priorizar, porque non vai poñer aos técnicos a facer dito informe agora mesmo.

- No pleno pasado rogaron un colector de papel para o contorno da farmacia de Sillobre e rógalle ao concelleiro de obras que a mesma resposta que lle deron fóra do pleno lla digan aquí, é dicir, que o que se lle dixo fóra se lle diga aquí para que conste en acta.

- Roga que se lle facilite un teléfono e un ordenador á coordinadora do programa de emprego da Deputación.

Contesta o concelleiro Juan José Franco Casal dicindo que se lle facilitará todo o que precise.

- Quere deixar constancia dunhas queixas respecto da limpeza do campo de fútbol dos Pinares, no que hai latas, papeis, plásticos e demais. Non sabe se é falla de papeleiras ou falla de cívica da xente. Roga que se incida na limpeza. Tamén di que hai que repoñer a rede que está rota.



Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Punte que o traballador que está no campo de fútbol é moi traballador e moi limpo e está convencida de que o campo de fútbol está de impresión, non só polo que lle contan senón polo que ela mesma ve. En relación coas redes, no caso de referirse ás das porterías dille que acábanse de substituír.

- Respecto da guía de ocio di que ten moitas datas mal. Das datas que ela coñece, as de Agarimo, cando menos di que non hai unha que coincida. Roga que se revisen.

Contesta o concelleiro Juan José Franco Casal dicindo que lamenta que a guía conteña algún erro, pero todas as datas que contén foron facilitadas polas respectivas asociacións.

- ¿Vaise convocar a Comisión de Investigación ou vaise deixar así?. Falouse de que se ía convocar pero non se fixo.

Contesta o alcalde dicindo que se contestará antes da Semana Santa, facendo constar que a persoa que redactou a acta non está.

- En relación coa desratización di que xa presentara unha queixa respecto do contorno do edificio Gondomar, polo que roga que se non se fixo se proceda á súa desratización.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 20.02 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García